





Gaiás  
Cidade da Cultura  
de Galicia

**Memoria de  
actividades  
2020**

# Índice

---

Gaiás  
Cidade da Cultura de Galicia

## Memoria de actividades 2020

01

Cidade da Cultura de Galicia: equipándose para o futuro



páxina 10

02

Actividade cultural



páxina 23

03

Emprender no Gaiás



páxina 82



04

Biblioteca de Galicia



página 92

07

As Torres Hejduk:  
o 'faro' do Gaiás



página 138

05

Arquivo de Galicia



página 102

08

Comunidade Gaiás



página 140

06

Eventos acolhidos na  
Cidade da Cultura



página 114

## 2020 En cifras



### Visita

**555.609**

VISITANTES EN 2020

**228.147**

ACCESOS Á PÁXINA WEB

**+6M**

VISITANTES DESDE A APERTURA  
DA CIDADE DA CULTURA



### Participa

**60.779**

PERSOAS VISITANTES ÁS EXPOSICIÓNS DO  
MUSEO CENTRO GAIÁS EN 2020

**12.466**

PARTICIPANTES NO PROGRAMA  
DE VISITAS COMENTADAS

**3.748**

ALUMNOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE  
VISITAS DIDÁCTICAS POR VIDEOCONFERENCIA



### Activ

**102**

ACTIVIDADES CULTURAIS

**75.804**

ASISTENTES EN FORMATO PRESENCIAL

**30.582**

ASISTENTES EN LIÑA

**24**

EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES LÚDICAS E  
FORMATIVAS NA BIBLIOTECA E NO  
ARQUIVO DE GALICIA

**1 DÉCADA:**

**+2.000**

ACTIVIDADES CULTURAIS

**+1M**

ASISTENTES



## CEM

**15**

ACTIVIDADES NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO

**600**

ASISTENTES EN FORMATO PRESENCIA

**+ 1.500**

ASISTENTES EN LIÑA

**+ 450**

PROXECTOS E EMPRESAS APOIADOS POLO  
CEM DESDE A SÚA CREACIÓN



## Club

**312**

NOVAS PERSOAS  
SOCIAS DO CLUB GAIÁS EN 2020

**+ 5.000**

PERSOAS SOCIAS DESDE A SÚA CREACIÓN



## Eventos

**286**

EVENTOS ACOLLIDOS EN 2020 DE  
INSTITUCIÓN E ENTIDADES PRIVADAS

**10.361**

ASISTENTES EN FORMATO PRESENCIAL

**+ 21.000**

ASISTENTES EN LIÑA

**1 DÉCADA:**

**+ 3.000**

EVENTOS

**250.000**

ASISTENTES



O ano 2020 estivo marcado polos desafíos que a irrupción da pandemia mundial da covid-19 tivo a todos os niveis. Mais a pandemia supuxo igualmente un importante exercicio de reinvencción para dar resposta ás novas necesidades do público e aos desafíos impostos pola “nova normalidade”. Neste escenario, a Cidade da Cultura preséntase como unha potente infraestrutura que ten por obxecto contribuir ao desenvolvemento social, cultural e económico de Galicia, e que opera nos eidos da cultura, a tecnoloxía e o emprendemento, ámbitos aos que se suma o medio ambiente co Bosque de Galicia, un dos grandes pulmóns verdes da faixa atlántica da comunidade.

Programación de actividades en liña, dotación de novas infraestruturas e adaptación dos espazos foron algunhas das medidas postas en marcha desde a Fundación Cidade da Cultura para que eventos, exposicións, actividades formativas, ou programas de visitas se desenvolvesen nas máximas condicións de hixiene e seguridade que require a nova normalidade e tirando proveito de todas as posibilidades que nos ofrece a tecnoloxía e os amplos espazos do Gaiás.

## Insignia Cultural de Galicia en 2020

O importante esforzo realizado para achegar a programación á cidadanía a través dos medios dixitais e en incrementar a oferta pese á necesaria redución de prazas imposta pola distancia social viuse recompensado co recoñecemento da prestixiosa Fundación Contemporánea, que a través do seu Observatorio da Cultura destacou o Gaiás como ‘insignia cultural’ de Galicia en 2020. A Cidade da Cultura liderou así a clasificación de institucións e proxectos culturais máis destacados do ano en Galicia, realizada a partir das valoracións dun panel de 472 expertos e profesionais do sector cultural de toda España.





## #Aculturasegue: por unha cultura segura

## Novos Espazos para a cultura e o lecer

Pese ás innegables consecuencias da pandemia, ao longo de 2020 o complexo do Gaiás continuou a ampliar e mellorar os seus espazos exteriores a través do seu plan de humanización exterior, incorporou novas intervencións artísticas nos espazos naturais, avanzou nas obras do Edificio Fontán –que pechou 2020 ao 555.609 70% de execución–, incorporou novas infraestruturas tecnolóxicas achegar contidos en liña e completou o proxecto de reforma do Centro de Emprendemento para acubillar o Polo Gaiás Tech, un novo espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas.

No que respecta á súa oferta cultural, os meses de confinamento marcaron todo un reto para os equipos de traballo do Gaiás, que pese ao peche das instalacións continuaron a desenvolver actividades en liña para lograr que a cultura transcendese os espazos físicos e entrase en todos os fogares a través de foros de debate, contacontos para a cativada, concertos, retos didácticos ou visitas virtuais ás exposicións. O regreso á programación presencial viuse pola súa banda marcado por un forte impulso á actividade do complexo, que encara 2021 coa maior actividade expositiva nos seus 10 anos de vida e coa conexión co Xacobeo 21:22 como grande alianza na aposta por converter o Gaiás en axente dinamizador e factoría cultural de Galicia.

Todo isto foi posible grazas á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, encargada da xestión do complexo do Gaiás. Ademais da Xunta de Galicia, están representadas na Fundación as seguintes empresas e entidades: Abanca, Afundación, Inditex, Inveravante, Naturgy, Fundación Barrié, Banco Sabadell, Coren, Campo, Gadisa, Grupo Nosa-Terra 21, Astilleros Barreras, R e Monbús.

# 01

## Cidade da Cultura, equipándose para o futuro

Despois de máis dunha década de actuacións, en 2020 remataron os traballos de urbanización e humanización dos exteriores da Cidade da Cultura de Galicia, o que supón pechar un ambicioso abano de proxectos que, xunto ao remate do Edificio Fontán, marcarán o remate dunha longa fase na Cidade da Cultura con especial protagonismo dos proxectos construtivos.

Ademais, durante o ano 2020 realizáronse tamén actuacións dirixidas a completar e mellorar os espazos interiores, adaptándose a novas necesidades e realidades do complexo. A creación dun espazo audiovisual no Museo Centro Gaiás e a reforma do Centro de Emprendemento e a creación do Polo Gaiás Tech son dous exemplos que ilustran estas actuacións. Por último,

neste ano continuouse a traballar para dotar o complexo de instalacións artísticas de referencia integradas na propia arquitectura e a súa contorna, de forma que o Museo Centro Gaiás pasou a acoller --de xeito permanente-- un mural de Luis Seoane e nos espazos exteriores realizáronse intervencións como Espellos, de Manolo Paz.











## Edificio Fontán: un espazo para a investigación de excelencia

En 2020 continuaron a completarse os traballos de construción do edificio Fontán, despois de que o bo ritmo das obras nos últimos meses do ano permitise resolver o efecto que tivo nos traballos a suspensión da actividade durante o confinamento, así como as dificultades no subministro de materias que ocasionaron as restricións na mobilidade provocadas pola covid-19. Pese aos efectos da pandemia, no remate do ano o Fontán estaba xa executado nunha porcentaxe superior ao 70 %, mentres os traballos continuaron a avanzar con axilidade, completándose as fachadas e cuberta do edificio, e modificando o proxecto inicial para incorporar os espazos baixo cuberta ao espazo útil do mesmo.



O Fontán virá culminar o complexo da Cidade da Cultura de Galicia, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Música. Concibido para potenciar a investigación e afondar na integración do sistema universitario galego, acollendo

institucións coas que se apoiará e dará servizos ao conxunto dos campus, o Fontán converterá Galicia nunha referencia en España no eido da investigación do patrimonio ao acoller o Centro de Investigación sobre Patrimonio Cultural (Cispac) e o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit), dependente de CSIC.

O Fontán será sede de servizos transversais das tres universidades galegas acollendo a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario (ACSUG) –cuxo obxectivo é garantir que a docencia, a investigación, a xestión e a transferencia do coñecemento se encamiñen cara á excelencia– e o Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG) –centro neuráxico da xestión conxunta das tres universidades, centralizando os servizos bibliográficos, a organización das probas de acceso á educación superior e o desenvolvemento de programas informáticos que melloren a organización–.



## Superficie no Fontán



### Centro de Investigación sobre Patrimonio Cultural (Cispac)

Primeiro centro universitario de investigación vinculado ás Ciencias Sociais e ás Humanidades. Vencellado ao SUG, será a maior fonte de coñecemento sobre a paisaxe, os itinerarios culturais e o patrimonio cultural e o primeiro e único centro de investigación de España nestas áreas de coñecemento. Ocupará unha quinta parte do Fontán e funcionará como un observatorio permanente do Camiño de Santiago, encargándose de estudar a xestión, promoción, sustentabilidade e protección dos camiños e do seu patrimonio cultural.

### Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit)

Organismo dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) que promove a investigación científica sobre o patrimonio cultural. O Incipit ocupará máis de 2.320 metros cadrados e, polo uso destas instalacións, o CSIC achegará 2,4 millóns á Cidade da Cultura, ademais de asumir o custe anual dos gastos que xere o Incipit polo desenvolvemento da súa actividade.

### Edificio sustentable e funcional

O arquitecto Andrés Perea, responsable xunto a EuroEstudios do proxecto de execución e da dirección das obras, deseñou un edificio sustentable caracterizado pola funcionalidade e a austeridade dos materiais e a complicidade co resto dos edificios da Cidade da Cultura.



## Ampliando espazos verdes para a cultura e o lecer

Durante 2020 completáronse tamén as últimas actuacións principais englobadas no gran proxecto de humanización de espazos exteriores, que baixo o nome “Urbanización Fase II” comezaba en 2010, pouco antes da apertura ao público do complexo da Cidade da Cultura. En 2020 chegan ao seu remate estas actuacións tras 10 anos de traballos e máis de 45 millóns de euros de investimento que actuaron sobre preto de 15 hectáreas de superficie. Supuxeron a construción dos aparcadoiros, das cinco rúas que dan acceso aos edificios, das prazas, das chamadas ‘colas dos edificios’ -a parte que se encontra co solo- e do Xardín do Teatro.

Estes traballos de humanización completáronse ao longo dos últimos 10 anos con outros proxectos de gran envergadura nos exteriores do complexo, como foron o desenvolvemento do Bosque de Galicia nas ladeiras do monte, a transformación do baleiro deixado por un dos edificios non construídos no Xardín Literario, a creación do Parque do Lago a partir dun depósito de augas ou a construción do Parque da Balea e doutras áreas de lecer infantil.



### ÚLTIMAS ACTUACIÓNS (2020)

#### Conexión coa vía da Prata.

Nova entrada ao Bosque de Galicia para conectar de xeito directo o complexo coa Vía da Prata, á súa entrada en Santiago pola Calzada Real, no barrio do Sar. No marco desta actuación acometéronse tamén traballos de reparación dunha fonte a carón da propia Vía da Prata.

#### Campo do Gaiás.

Urbanización da explanada situada ao sueste do complexo, a carón da conexión coa AP9. Creouse un gran espazo diáfano cunha pequena grada e prazas de aparcamento, completando unha área de lecer –con zonas axardinadas– que permita dunha banda a realización de actividades con público a modo de auditorio exterior, e doutra banda complemente o espazo de aparcadoiro do complexo.



#### Melloras en sendas e conexións.

Outras actuacións da denominada fase III do Bosque de Galicia, transformando a estrada de obra nunha senda peonil que percorre desde a Calzada Real ata case a conexión coa autopista. Tamén se crearon nesta senda conexións cos sendeiros xa existentes e coas Torres Hedjuk e construíronse no Bosque de Galicia dúas escaleiras como atallos entre as sendas, feitas a base de travesas de madeira apoiadas no terreo, tentando seguir a topografía natural.

#### Pista BMX.

Movemento de terras no extremo sur para a realización dunha pista de BMX da orde de 450 metros de lonxitude, incluíndo os accesos desde as sendas, tratamento dos noiros e iluminación.





## Emprendemento cultural e tecnoloxías disruptivas: Polo Gaiás Tech

En 2020 executouse o proxecto de reforma para a reestruturación e renovación do interior do Centro de Emprendemento, que pasa a acoller tamén o Polo Gaiás Tech, un espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas, que ofrece ao ecosistema dixital galego unha ampla carteira de servizos para facilitar o seu posicionamento nas tendencias tecnolóxicas da vindeira década.

O centro é froito dun convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que sumaron un investimento de preto de 2 millóns de euros para a remodelación de ao redor de 1.500 metros cadrados do Centro de Emprendemento, a dotación de equipamento e a súa xestión. Este novo espazo instalouse dentro do CEM como se dun 'edificio interior' se tratase, de construción modular lixeira e baseado nunha estrutura de paneis CLT de madeira.

Adicionalmente, a reforma permitiu reconfigurar o espazo interior do CEM para tentar dar resposta á actual realidade do edificio e das súas persoas usuarias, acollendo unha serie de usos complementares, agrupamento os espazos de Viveiro de Empresas no extremo leste, e reformulando os espazos de acceso.





## Tecnoloxía para achegar contidos en liña

As operacións de habilitación de espazos interiores nos edificios do Gaiás continuaron en 2020 con varias actuacións adicionais na procura de mellorar as dotacións do complexo e dos servizos para as súas persoas usuarias e visitantes.

### Espazo audiovisual do Museo Centro Gaiás

A necesidade da instalación na Cidade da Cultura dunha infraestrutura permanente que permita a súa utilización como “set” de produción de actividades en streaming (videoconferencias, roldas de prensa, teleformación, etc...) promove a busca de alternativas nos diversos edificios. Avaliada a facilidade de adaptación ás diversas demandas funcionais, e a economía de medios, decidese propoñer a instalación do mesmo no espazo 209 do edificio Museo. Ademais das estruturas para pendurar diversas instalación (TRUSS), foi preciso instalar unha cabina para realización e control dentro da sala,

### Novo equipamento nas salas de exposición do Museo Centro Gaiás

O conxunto de salas de exposicións do Museo Centro Gaiás conéctase nun único espazo a tripla altura, cunha gran cristaleira orientada cara a saída do sol. As necesidades expositivas do Museo, coa sucesión de instalación de grandes exposicións nos seus espazos, fixeron preciso en varias ocasións incorporar sistemas temporais de escurecemento desta superficie acristalada, que obrigaron a importantes gastos de instalación e mantemento. Por isto, acometeuse a instalación dun sistema permanente que posibilitase opcións intermedias de escurecemento e, baseándose nos avances que fixera no seu día o equipo de deseño dos edificios, instalouse un sistema de control de luz formado por lamas orientables.

### Medra o ‘corazón dixital’ da Xunta de Galicia

Complétase a segunda fase de ampliación do equipamento estratéxico do soporte da administración autonómica –o CPDI da Xunta de Galicia–, aloxado no Edificio CINC, coa instalación de novos sistemas de protección e xestión, reforzando o papel da Cidade da Cultura como eixo central da proxección futura deste servizo.



## Arte, arquitectura e paisaxe: Colección CdC

### Mural de Luís Seoane

Museo Centro Gaiás, andar 0

Desde 2020, o Museo exhibe de xeito permanente un mural realizado na Arxentina por Luis Seoane, que a Xunta de Galicia recuperou deste xeito para o patrimonio público. A peza é unha das poucas testemuñas que se conservan en Galicia da produción muralística deste gran renovador da arte galega do século XX, e impulsor dunha obra gráfica, editorial e empresarial de fonda pegada cultural.

O mural foi realizado por Seoane na década dos 70, por encargo de Isaac Díaz Pardo para separar o obradoiro e as dependencias administrativas na fábrica de Porcelanas de Magdalena –Celtia S.A.– que el mesmo fundara na Arxentina. De 230 por 390 centímetros e 200 quilos de peso, está formado por catro paneis de idéntico tamaño perfectamente ensamblados entre si. Sobre un fondo de táblex de madeira e cartón pintado –con pigmento amarelo mesturado con area do río da Plata–, Seoane plasmou unhas formas en relevo influenciadas por elementos da cultura popular galega, moi presentes en toda a súa obra do exilio. Na parte superior, unhas rodas lembran ás dos carros de bois, mentres que na parte inferior se atopan as ondas do mar e conta coa sinatura característica do autor no ángulo superior esquerdo.



## Espellos, de Manolo Paz

### Bosque de Galicia

O Bosque de Galicia acolle desde 2020 a intervención artística Espellos, realizada polo artista Manolo Paz co obxectivo de afianzar o vínculo deste complexo arquitectónico coa Ruta Xacobeas e a cidade de Santiago de Compostela. Está composta por grandes cilindros de pedra que funcionan como unha gran fiestra de pedra desde a que contemplar a capital galega desde unha perspectiva única.

Ademais de ofrecer unha panorámica diferente sobre a capital galega, estas pezas de 3,5 metros de alto por 3,8 de ancho e 12 toneladas de peso serven tamén para estreitar aínda máis a conexión da Cidade da Cultura co Camiño de Santiago, xa que a Vía da Prata transcorre paralela ao monte Gaiás, polo barrio compostelán de Sar. O nome de Espellos provén desa imaxe que todo camiñante ten en mente da catedral, como fin último da peregrinación ou do Camiño, e que a fiestra central destas esculturas lle permiten reflectir uns chanzos antes da chegada. A construción en pedra —obtida da cantería compostelá de Lamas de Abade— remite ex profeso aos numerosos valados dos sendeiros interiores das diferentes Rutas Xacobeas, mentres que a aposta polo dobre arco —tan característico do románico e tan presente na arte do Camiño— permite construír a apertura ocular interior desde a que se encadra a visión da catedral.



## Constelacións II (Banco do Peregrino), de Clara Montoya

### Bosque de Galicia

O Banco do Peregrino é a reconversión da instalación artística *Constelacións II* —que formou parte da segunda edición do ciclo de intervencións nas zonas naturais da Cidade da Cultura, *Reb/veladas na paisaxe II*—. A instalación artística trasladouse a unha posición próxima ao seu emprazamento inicial, no arranque da aba oeste do monte.

Esta intervención da artista Clara Montoya consiste nun banco de madeira cuns altosfalantes incorporados dos que se pode escoitar o son das estrelas, posible grazas ao mapeado da bóveda celeste en tempo e orientación reais. A obra asigna un son de voces humanas a cada estrela que atravesa un meridiano específico, marcado por unha fileira de asentos con altosfalantes incorporados que fai audible o xiro da Terra: É a dinámica do movemento terrestre a que produce que a peza estea viva e en evolución. Os sons das estrelas que soan son as que pasan por riba do meridiano marcado polas cadeiras.

Unha intervención vencellada co camiño, coa peregrinaxe e coa guía das estrelas que lle supón as persoas que fan este percorrido espiritual e cultural. Para a devandita instalación, elaborouse unha proposta técnica, baseada na preparación do terreo, a execución dunha pequena cimentación para a ancoraxe, a condución de instalacións e a realización de acabados pétreos e de vexetación semellantes aos xa executados na zona.







## Iluminación exterior de Nadal

Os espazos exteriores volven lucir en decembro coa iluminación de Nadal inspirada nun ceo cargado de estrelas, que guía ás persoas visitantes a través do complexo. En 2020, a instalación complétase coa iluminación da aba oeste do monte cunha franxa de luz en zigzag, que lembra a escalinata do deseño inicial do Bosque e ascende ata a árbore de luz instalada no cumio do monte, de xeito que o Gaiás se poida contemplar tamén na noite compostelá como unha nova porta iluminada.





# 02

## Actividade Cultural

A Cidade da Cultura de Galicia organizou en 2020 un total de 102 actividades culturais ás que asistiron 75.804 persoas en formato presencial e 30.582 en liña. Exposicións, espectáculos de música, teatro, danza, unha ampla oferta para público familiar, encontros de artistas emerxentes, conferencias, seminarios... conformaron un programa que, máis que nunca, transcendeu os muros do Museo e do resto dos edificios para, no contexto da covid-19, tirar o máximo proveito dos amplos espazos exteriores do Gaiás e encher de vida as áreas verdes.

As actividades en formato dixital e en liña e as limitacións de capacidade nas actividades presenciais marcaron unha programación anual que tentou salvar os obstáculos impostos pola pandemia cunha maior e máis variada oferta, que no contexto mundial de emerxencia sanitaria continuase a achegar ao público as mellores manifestacións artísticas e culturais de Galicia, baixo as premisas da #culturasegura e #aculturasegue.









# 02.01

## Exposicións e Intervencións Artísticas



### Galicia, un relato no mundo

*Galicia, un relato no mundo* foi a grande aposta da Cidade da Cultura para afondar no relato de Galicia na era global e que ocupou as dúas primeiras plantas do Museo Centro Gaiás. O seu comisario propuxo un percorrido por máis de catro mil anos dun territorio chamado Galicia e a súa participación nas grandes dinámicas da Historia universal. A exposición dividiuse en dous grandes bloques, un sobre mitos e historias e outro sobre memorias e vidas. A través desta proposta exploramos a interacción entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido que nos levou desde a prehistoria ata a actualidade. Concibida como a primeira de tres grandes exposicións da Xunta con motivo do Xacobeo 2021, centrouse nas relacións internacionais de Galicia e a súa presenza no mundo. No marco da exposición chegaron por vez primeira a Galicia destacadas pezas de alto valor simbólico para

a historia e a cultura do noso país e que se atopan en prestixiosas coleccións museísticas en distintos recantos do mundo. Puideron verse obras chegadas da Cambridge University- Parker Library, a Biblioteca Apostólica Vaticana, a Biblioteca de Arezzo en Italia ou o Museo Nacional de Arqueología de Portugal. A exposición, programada ata o 12 de abril, tivo que pechar as súas portas o 14 de marzo coa declaración do Estado de Alarma pola alerta sanitaria. Para compensar estes días de peche anticipado intensificáronse as actividades de difusión dos contidos da exposición en liña e a través das redes sociais, do que destacamos a primeira visita virtual realizada para unha das exposicións do Museo Centro Gaiás, ademais doutras actividades en liña como visitas fiadas en Twitter ou promoción de vídeos explicativos das principais pezas da exposición. De especial relevancia foron os contidos didácticos creados dentro do programa *Aventuras no monte das artes: os retos da raposa Fedella*.





**Datas:** Do 15 de novembro de 2019 ao 14 de marzo de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1 e 2

**Programa:** Xacobeo 2021

**Patrocina:** Gadis e Estrella Galicia

**Colabora:** Consello da Cultura Galega  
Secretaría Xeral da Emigración  
Fundación Hispanojudía

**Comisaría:** Manuel Gago Mariño

**Interactivos:** Xoia Software Development

**Asesores:** Pilar Cagiao, asesora especial emigración  
Jose María Andrade Cernadas  
Beatriz Comendador Rey  
Jose María Costa García  
Emilio Grandido Seoane  
Juan Manuel Monterroso Montero  
Rafael Rodríguez Martínez

**Asistencia presencial:** 43.035 persoas (21.268 persoas en 2020)

**Asistentes á visita virtual:** 2.164 visitas á páxina web

### Catálogo:

**Deseño:** EGINOCIO

Textos de Manuel Gago Mariño, Robert MacFarlane, Nelida Piñón Fernando Pereira, Irene García, José Miguel Andrade, Emilio Grandío, Xulio Ríos, Beatriz Comendador, Henrique Monteagudo, Ramón Villares, Alfredo Vigo, Rafael Rodríguez, José Manuel Costa, Juan Manuel Monterroso, Manuela Sáez, Manuel Vicente, María del Carmen Saavedra, Pilar Cagiao Vila, Santiago Riveiro e Ana Bulnes.

Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés. Tirada de 1.000 exemplares. 304 páxinas.



## II Reb/veladas na paisaxe

*Reb/veladas na paisaxe* é un proxecto de intervención artística no que convidamos a tres comisarias a traballar nos espazos naturais da Cidade da Cultura de Galicia propondo a tres artistas para que realicen una intervención específica. Estas intervencións forman parte da programación do Xacobeo 2021 xa que *Reb/veladas na paisaxe* explora a relación do Gaiás co Camiño de Santiago a través da chegada da Vía da Prata pola calzada do Sar. Neste contexto, as tres intervencións propostas para esta nova edición, localizadas na aba Oeste do Bosque de Galicia, buscan o diálogo físico e visual co Camiño de Santiago, a catedral e a Cidade histórica de Compostela, meta e destino da peregrinación.

### Itinerancia En Lalín

Na capital do Deza as pezas adaptáronse ao novo entorno. Así, un dos asentos que compoñen o banco da peza *Constelacións II* puido verse no Museo Ramón García Aller, localizado no edificio no que estivo situado o primeiro observatorio astronómico de Galicia. Igualmente a obra *(Re)Producións* de Pablo Barreiro tomou unha forma e colocación diferentes ás de Compostela nun buscado diálogo co entorno.

**Datos:** Do 19 de setembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Xardín Literario e Bosque de Galicia

**Programa:** Xacobeo 2021

**Deseño de soportes:** Cenlitosmetrocadrado

### CONSTELACIÓNS II

**Comisaria:** Monserrat Pis Marcos // **Artista:** Clara Montoya:

### (Re)PRODUCCIÓNS (entre o erro e a verdade)

**Comisaria:** Sara Donoso // **Artista:** Pablo Barreiro

### DEIXA AQUÍ OS MEDOS

**Comisaria:** Paula Cabaleiro // **Artista:** Alicia Framis

**Lugar:** Lalín, Museo Ramón García Aller e espazos exteriores.

**Datos:** **Inauguración:** 8 de febreiro 2020.

**Clausura:** prevista para o 22 de marzo de 2020; tivo que ser adiada ata o 10 de xuño por mor da alerta sanitaria xerada pola covid-19.



## Redeiras. Unha profesión con historia

Co gallo da celebración do Día da Muller a Cidade da Cultura acolleu a exposición fotográfica *Redeiras*, unha mostra organizada pola Federación Galega de Redeiras Artesás 'O Peirao', co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta, que quixo poñer en valor o papel das mulleres nun dos máis antigos oficios mariñeiros: a arte da reparación e da fabricación de redes.

Durante moito tempo o labor das redeiras resultaba descoñecido, pouco visible e valorado. Na actualidade, empézase a recoñecer o seu importante papel, grazas á loita das propias traballadoras pola defensa dos seus dereitos.

As redeiras conforman unha comunidade artesanal que loita desde o asociacionismo, polo mantemento e sustentabilidade da cultura pesqueira e do propio medio.

O obxectivo desta exposición itinerante, con imaxes realizadas por Xela Rodríguez e Rolando López, foi darlle visibilidade e recoñecer a contribución ao desenvolvemento e sustentabilidade do colectivo de redeiras galegas, a través dunha mostra fotográfica que fai un percorrido polos procesos artesanais do seu oficio.

A exposición, que tiña prevista a súa clausura o 12 de abril, tivo que pecharse aos poucos días da súa apertura por mor da alerta sanitaria, pero puideron reprogramarse as datas ata o 30 de agosto de 2020

**Datas:** Do 6 de marzo ao 30 de agosto de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 0

**Fotografías:** Xela Rodríguez

Rolando López Pérez


**Organiza:** Federación Galega de Redeiras Artesás 'O Peirao'

**Colabora:** Xunta de Galicia | Cidade da Cultura

**Patrocina:** Secretaría Xeral de Igualdade







## Paisaxes incultas.

## *Metamorfose do monte galego*

O monte autóctono galego caracterízase polo seu terreo inculto (sen cultivo ou labor), onde cada pedra ten un nome e cada planta, un uso; e onde en moitos dos seus recunchos xermolaron lendas milenarias que alimentaron a súa identidade. É máis ca paisaxe; é contedor dun rico patrimonio cultural inmaterial. No entanto, a acción do home está a mudar o seu aspecto. Unha metamorfose física evidente coa proliferación de plantas adventicias e foráneas con consecuencias ecolóxicas, na súa estética, nos seus usos e tamén no noso xeito de relacionarnos con el. Destes cambios nada inofensivos advertíunos a instalación nas Torres Hejduk da arquitecta Cristina García Fontán.

Para amosar e alertar desta transformación, reconstruíu na torre opaca un monte típico galego coa súa vexetación e solo característicos: musgo, liques, matogueira, breixo, toxo e herba. Un espazo pensado para escoitar, grazas a relatos que ateigan esta instalación de seres fantásticos e historias increíbles ás que só o noso monte lle puido dar vida.

Na torre de cristal recreouse un solo con mimosas, eucaliptos e outras adventicias que medran de forma frondosa, dificultándonos o acceso e a visión. Unha dualidade na procura dunha reflexión crítica, construtiva e colectiva.

A inauguración desta intervención estaba prevista para o 18 de marzo e tivo que ser adiada ata o 26 de xuño por mor das medidas adoptadas para facer fronte a alerta sanitaria provocada pola covid-19.

**Datas:** Do 26 de xuño ao 25 de outubro de 2020

**Espazo:** Torres Hejduk

**Patrocina:** Viaqua

**Paisaxista:** Cristina García Fontán



## Cinema e Emocións. *Unha viaxe á infancia*

*Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia* quere pór de manifesto como se plasmou a infancia no cinema ao longo dos seus máis de cen anos de historia. A proposta da mostra partiu de La Cinémathèque française e a Fundación "la Caixa" e permitiu ao público experimentar as emocións tal e como as vivimos durante os nosos primeiros anos de vida.

Na exposición puidemos ver fragmentos de películas de diferentes xéneros, épocas e latitudes, ademais de debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas ou obxectos senlleiros como un sombreiro e dúas pipas do director francés Jacques Tati, unha estatua de King Kong de máis de dous metros, ou unha vasoira Nimbus 2000 do filme *Harry Potter e a pedra filosofal*. As pezas chegaron ao Gaiás das coleccións de La Cinémathèque française, unha das mellor valoradas do mundo no ámbito cinematográfico, así como dos fondos persoais dalgúns cineastas e coleccionistas.

**Datos:** Do 22 de xullo de 2020 ao 10 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Comisaría:** Gabrielle Sébire

**Organiza:** Fundación "La Caixa"

La Cinémathèque française

**Colabora:** Xunta de Galicia

**Programa:** Xacobeo 2021

**Deseño:** Mamen Domingo e Ernest Ferré, arquitectos

**Asistencia:** 20.285 persoas (en 2020)







## Galicia. De Nós a nós

*Galicia, de Nós a nós* foi á a exposición máis ambiciosa realizada ata agora sobre a revista *Nós* e a *Xeración* que leva o seu nome. Propúxose como obxectivo amosar ante a sociedade a transcendencia do que, xunto ao Rexurdimento, é probablemente o momento histórico máis relevante de conformación da cultura e identidade galega.

Foi a segunda das tres grandes exposicións programadas pola Xunta de Galicia con motivo do Xacobeo 2021, despois de *Galicia, un relato no mundo*, na que se abordaban os grandes fitos da historia de Galicia. Esta nova exposición puxo o foco na *Xeración Nós* para continuar esa viaxe, e levarnos desde o tempo dos considerados pais do galeguismo contemporáneo ata os nosos días. O proxecto reivindicou a vixencia de principios defendidos pola *Xeración Nós*, como a dimensión universal da cultura galega, a necesidade de ter unha voz propia no mundo e o carácter aberto e integrador de Galicia.

No marco do programa de itinerancias desenvolvido pola Cidade da Cultura, a exposición realizou dúas itinerancias que a levaron en 2021 a outras dúas “cidades *Nós*”: Ourense -no Centro Cultural Marcos Valcárcel e na sala de exposicións de Afundación do 24 de febreiro ao 18 de abril de 2021- e Pontevedra -no Museo de Pontevedra do 21 de maio ao 11 de xullo de 2021-.





**Datas:** Do 2 de outubro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021  
**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2  
**Comisariado:** Afonso Vázquez-Monxardín Fernández  
 Ana Acuña Trabazo  
**Organiza:** Xunta de Galicia  
 Deputación de Ourense  
**Programa:** Xacobeo 2021  
**Deseño:** Álvaro Valiño  
**Asesoría:** Pepe Barro  
**Tipografía:** Marcos Dopico  
**Interactivos:** Xoia Software Development  
**Audiovisual:** Miramemira  
**Asistencia presencial:** 12.106 persoas (en 2020)  
**Asistencia en redes:** 3.748 visitas en liña en 54 grupos (en 2020)

#### **Catálogo:**

**Deseño:** Miguel Anxo Carvalho.  
 Textos de Afonso Vázquez Monxardín, Ana Acuña, Anxo Angueira, María Xosé Fernández Cerviño, Miguel Anxo Seixas Seoane, Olivia Rodríguez, Xosé Manuel Núñez Seixas e Xusto Beramendi. Fichas de Amando Ordás, Aser Álvarez, Augusto Pérez Alberti, Bernardo Máiz, Dolores Vilavedra, Henrique Monteagudo, José M<sup>a</sup> Eguileta Franco, M<sup>a</sup> Victoria Carballo Calero, María Jesús Lorenzo Modia, María Luísa Sobrino, Antonio Raul del Toro, Rosario Álvarez, Xavier Castro, Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Pousa e Carlos Bernárdez. Fotografías de Ovidio Aldegunde. Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés. Tirada de 1.000 exemplares. 284 páxinas.



## As miradas de Isaac

Coincidindo co centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, concibiuse unha exposición que se achegou á súa desbordante personalidade e ao seu amplo e polifacético labor, sempre desde unha visión integradora e unha firme defensa dos valores máis auténticos de Galicia, aos que se entregou sen descanso ao longo da súa fértil existencia.

Foi unha exposición que pretendeu lembrar a un personaxe único, que abordou múltiples disciplinas, tanto as relativas ao mundo da arte, como ás do intelecto, ás técnicas ou ás industriais e sacou adiante importantes iniciativas que acadaron un salientable papel no conxunto da cultura galega do século XX. Unha mostra que procurou, ademais, expresar a excelencia humana de Díaz Pardo, posiblemente un dos personaxes máis homenaxeados, admirados e queridos da historia recente de Galicia.

Para aproximármonos ao seu singular universo, a mostra estivo composta por obras de arte, obxectos persoais, fotografías, textos, murais, cerámicas, documentos e proxeccións, distribuídos e repartidos ao longo de dez seccións. A través deles analizáronse e divulgáronse ao home e a súa obra: a importancia do pai –Camilo Díaz Baliño– no desenvolvemento da súa personalidade; a infancia e mocidade compostelá; a faceta de pintor, que deixou unha profunda pegada en todas as súas realizacións; o seu contacto co exilio e o seu compromiso pola recuperación da memoria histórica; o labor como escritor; os emprendementos empresariais, con Sargadelos como insignia das súas realizacións industriais; as iniciativas culturais e investigadoras, entre as que cabe destacar o Seminario de Sargadelos ou o Instituto de Galego de Información; o deseñador industrial que proxectou máquinas, porcelanas, mobles ou Edicións do Castro; o editor imparable; e finalmente o recuperador –con Luís Seoane– da vangarda artística galega anterior á Guerra Civil, coa posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside.





**Datas:** Do 6 de novembro de 2020 ao 4 de abril de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1

**Comisariado:** Camilo e Xosé Díaz Arias de Castro

**Audiovisual:** Cecilia Díaz Betz e Jordi Cussó

**Asesores:** Fernando Arribas Arias

Daniel Beiras García-Sabell

Carmela Montero García

Teresa Pena Moreda

Iria-Friné Rivera Vázquez

Rosario Sarmiento Escalona

Andrés Varela Martínez

Ramón Villares Paz

**Asistencia:** 7.120 persoas (en 2020)


**Catálogo:**

**Deseño:** Xosé Díaz Arias de Castro.

Textos de Andrés Varela Martínez, Camilo Díaz Arias de Castro, Carmela Montero, Charo Portela, Daniel Beiras García-Sabell, Esperanza Mariño Dávila, Fernando Arribas, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Iria Friné Rivera Vázquez, Ramón Villares, Rosario Sarmiento, Teresa Pena, Xosé Díaz Arias de Castro, Xosé Ramón Fandiño Veiga Fotografías do Archivo Familia Díaz Arias de Castro, Xurxo Lobato, Juan Rodríguez e Ovidio Aldegunde.

Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés. Tirada de 1.000 exemplares. 352 páxinas.





## A distancia da imaxe *VII Concurso de proxectos artísticos do IX EAN*

Este proxecto converteu as Torres Hejduk nun depósito de imaxes, pegadas e memorias do Camiño de Santiago, a través dun rexistro fotográfico e sonoro que convida a reflexionar sobre as miradas e os relatos da experiencia do Camiño. A intervención sumou ás pegadas que o Camiño deixa no territorio e nos peregrinos –desde o relato oficial nas enciclopedias e guías de viaxe ata as marcas no propio corpo– un novo tipo de evidencia: un depósito de imaxes que despraza e amplía a idea dun relato hexemónico do Camiño. Construíuse este rexistro a través de tres eixos: a experiencia dos artistas durante o Camiño –recollida nun fotolibro–, unha recolección de imaxes icónicas do Camiño, e unha serie de entrevistas realizadas na praza do Obradoiro. O arquivo estivo nas Torres Hejduk da Cidade da Cultura de forma que todos os peregrinos que chegaron á Compostela puideron ampliar a súa experiencia visitando esta exposición construída en base ás experiencias dos artistas e dos seus compañeiros de camiño.

Adiada a súa inauguración –que sempre coincide coa celebración en verán do Encontro de Artistas Novos– a proposta escollida entre a selección da novena edición do EAN para o VII Concurso de proxectos artísticos tivo que esperar para poder materializarse ata novembro de 2020, dado que para a súa creación era preciso poder facer o Camiño de Santiago, cousa que non foi posible durante o primeiro semestre do 2020.

**Datas:** Do 12 de novembro de 2020 ao 7 de marzo de 2021

**Espazo:** Torres Hejduk

**Artistas:** Marius Ionut Scarlat (Romanía)  
Felipe Romero Beltrán (Colombia)

**Programa:** Xacobeo 2021


**Patrocina:** Banco Sabadell





# 02.02

## Música e Escena





## Escenas do Cambio 2020

O Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción Escenas do Cambio regresou de novo neste 2020 con 10 espectáculos nunha sexta edición marcada polos grandes nomes da escena contemporánea actual. A temática deste ano versou sobre o camiñar e os camiños; o camiño como idea abstracta, como xesto, como un convite á reflexión. A idea de camiño, peregrinación e percorrido estivo presente nas tres pezas galegas. A peza de Los Bravú foi un paseo polo mundo da xente nova de hoxe. Pentecostés, da rebautizada compañía Pálido Domingo, puxo a atención sobre o corpo do esforzo, sobre os pequenos movementos que definen un corpo que camiña e loita con un obxectivo. Tres vellas (polo menos) nos falou, como todo o traballo dos contadores, de un país cheo de poesía e relatos íntimos apaixonantes; de traballo, de emigración, de longas viaxes feitas para sobrevivir. Ao mesmo tempo, todos os artistas internacionais que presentamos no festival tiñan presente esta idea sempre de movemento e transformación. Foi o caso da viaxe de Munyaneza desde a súa Ruanda natal, onde viviu a traxedia dos anos 90, ata Marsella onde agora vive sen deixar pasar oportunidade para facer memoria sobre o acontecido no seu país. Pero tamén no percorrido físico ata á extenuación (catro horas de peza) da performance Relay de Ula Sickle. Estivo presente nos camiños infinitos de Europa percorridos pola húngara Eszter Salamon residente entre Berlín e París (esta vez coa súa nai acompañándoa), e nos camiños do mal e da violencia que asoman na peza de Gisèle Vienne. Atopámola no camiño do flamenco (Leonor Leal) ata a súa versión e linguaxe mixta actual, no camiño de exploración da linguaxe de Romain Teule e no camiño de Hamlet ata saír do teatro e acabar sendo xulgado por un xuíz real, na peza de Roger Bernat.

**Datas:** Do 29 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Sala 1 e 2

Centro de Innovación Cultural. Salón de Convencións

Biblioteca de Galicia. Auditorio Neira Vilas

Salón Teatro

Teatro Principal

Universidade de Santiago. Facultade de Dereito

**Programa:** Xacobeo 2021

**Colaboran:** Concello de Santiago de Compostela

Instituto Camoes

Centro Dramático Galego

**Dirixe:** Pablo Fidalgo Lareo

**Actividades:** 10 actividades

**Entradas:** Á venda en [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)

**Anticipada:** 5 € espectáculos de menos de 50 min 8 € o resto

**Abono** para os 10 espectáculos 25 €

**Asistencia:** 1.195 persoas

**31 XAN // 15.00h.** *Relay*, Ula Sickle. Centro de Innovación Cultural. Salón de convencións // 20.30h. *Pentecostés*, de Pálido Domingo. Museo Centro Gaiás. Sala 1

**1 FEB // 19.00h.** *Caderno de vacacións*, Los Bravú. Museo Centro Gaiás. Sala 2 // 20.30h. *Ahora bailo yo*, Leonor Leal. Biblioteca e Arquivo de Galicia. Auditorio Neira Vilas

**2 FEB // 19.00h.** *Monument 0.7: M/others*, Eszter Salamon. Museo Centro Gaiás. Sala 1

**6 FEB // 19.00h.** *Légend*, Romain Teule. Salón Teatro // 20.30h. *Samedi Détente*, Dorothée Munyaneza. Teatro Principal.

**7 FEB // 20.30h.** *Please, continue (Hamlet)* Roger Bernat. USC. Facultade de Dereito. Salón de actos

**8 FEB // 19.00h.** *Jerk*, Gisèle Vienne. Museo Centro Gaiás. Sala 1 // 20.30h. *Tres vellas (Polo menos)*, Cadaval, Guti, Sanmartín. Centro de Innovación Cultural. Salón de convencións



## Día da Música 2020

O Día da Música foi o escollido pola cidade da Cultura de Galicia para retomar a súa programación de actividades con público presencial tralo parón que supuxo para estas a crise sanitaria ocasionada pola covid-19. A actividade deseñouse con prazas moi reducidas para poder respectar de forma estrita as medidas de distanciamento social requiridas. Ademais para chegar a máis público, a actividade retransmitiuse en directo pola rede.

Para esta actividade tan especial preparouse unha xornada de concertos buscando evitar que o público se concentrase nunha hora determinada, e dando un abano amplo de posibilidades horarias e de estilo para diversificar públicos.

**Datas:** 21 de xuño de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Entradas:** Entrada de balde previa retirada de convite en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

**Asistencia presencial:** 300 persoas

**Asistencia en redes:** 758 espectadores únicos, en directo en Youtube

### O afecto ilustrado.

Música clásica – 12:00 h.

A formación de cámara, da man do violinista especialista en barroco Adrián Linares, presentou un programa dedicado a Purcell, con Linares de director concertino, e unha formación composta por Mario Braña ao violín barroco, Víctor Gil á viola barroca, Fernando Santiago ao violonchelo barroco, Baldomero Barciela no violone e Juan Carlos de Mulder á tiorba.

### FAIA

Música tradicional - 17:30 h.

Presentouse por primeira vez en Compostela o disco de Faia Díaz no que une a música tradicional coa vangarda artística nun traballo íntimo e persoal que convida ao recolleemento. Faia estivo acompañada ao óboe por Benxamín Otero.

### Chisme

Música electrónica – 21:00 h.

Buscando achegarnos a novos públicos pechamos a xornada con música electrónica da man do músico, dramaturgo e videocreador Fernando Epelde, presentando o seu proxecto artístico Chisme acompañado dunhas interesantes videoproxeccións.





## Matinais Clásicas

Coincidindo co comezo do verán renaceu tamén un novo ciclo de música na Cidade da Cultura, dedicado nesta ocasión á clásica. A través das Matinais clásicas do Gaiás emprendemos unha viaxe musical nas mañás dos sábados, que nos levaron desde o clasicismo de Mozart á música contemporánea galega de Joam Trillo, pasando por Beethoven, Crusell, Schubert ou García Abril.

**Datas:** 27 de xuño e 4 e 11 de xullo de 2020

**Epazos:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Hora:** Ás 12 h.

**Entradas:** Entrada de balde previa reserva de convite na web da Cidade da Cultura de Galicia

**Asistencia:** 300 persoas

**Nuria Lorenzo & Alejo Amoedo | 27 de xuño.**

Para o primeiro dos concertos contamos cunha das principais mezzosopranos galegas, a viguesa Nuria Lorenzo. Acompañada polo recoñecido pianista Alejo Amoedo, ofreceu un recital composto principalmente por canción galega, cun programa que incluíu desde o *Miña Nai* de Cambeiro ao inesquecible *Negra Sombra* de Juan Montes ou a *Romanza "La Encarna"* de Reveriano Soutullo e Juan Vert.

**M. Sancho Quartet | 4 de xullo.**

O M. Sancho Quartet foi fundado en 2015 pola clarinetista Marta Sancho Andrés co obxectivo de explorar a música de cámara composta para clarinete e trío de cordas nas diferentes épocas da historia da música. Nesta ocasión, interpretaron obras de finais do século XVIII e principios do XIX, e a formación estivo composta por Marta Sancho (Clarinete), Anca Smeu (Violín), Timur Sadykov (Viola) e Alejandra Díaz (Cello).

**Real Filharmonía de Galicia | 11 de xullo.**

Como peche de excepción ao ciclo volveu soar na Cidade da Cultura a Real Filharmonía de Galicia, unha das principais formacións orquestrais do país para a que esta actuación supuxo a súa volta aos escenarios despois do obrigado parón provocado polas medidas de contención da covid-19. O programa incluíu obras de Beethoven, Mozart, Trillo e Granados.



## Atardecer no Gaiás



Un ano máis retomamos a cita musical do verán, *Atardecer no Gaiás*, pero desta volta con máis forza se cabe tralo confinamento provocado pola covid-19. Para a edición deste 2020 estableceuse un estrito protocolo que incluíu por primeira vez reserva de localidades e acceso restrinxido á praza central da Cidade da cultura onde tiveron lugar os concertos. Estas reservas permitiron ter un aforo controlado e poder obter os datos de todas as persoas asistentes para poder contactar con eles en caso de que as autoridades sanitarias o requirisen. Igualmente establecéronse diferentes espazos delimitados para que o público puidese manter as distancias de seguridade e seguíronse todos os protocolos decretados polas autoridades, mantendo distancia nas ringleiras de acceso, esixindo lavado de mans con hidroxel á entrada, non podendo permanecer en grupos ou de pé no acceso, e tendo que estar sentado durante o concerto. Esta edición pensouse cun formato se cadra máis acústico cás anteriores e reducindo as citas a unha semanal, quedando nun total de 8 concertos.

**Datas:** do 9 de xullo ao 3 de setembro de 2020

**Espazo:** Praza central

**Hora:** ás 21 h.

**Entradas:** Entrada de balde previa reserva de convite na web da Cidade da Cultura de Galicia

**Asistencia:** 1.440 persoas

9 de xullo **Fon Román**

16 de xullo **Verto**

23 de xullo **Xoana**

6 de agosto **Guadi Galego**

13 de agosto **Quinteto Nós. Marcos Teira**

20 de agosto **dani**

27 de agosto **Budiño**

3 de setembro **Son Trío**



# Nova Normalidade (NN)

## *La Fura dels Baus*

La Fura dels Baus trouxo o seu novo macroespectáculo *NN (Nova Normalidade)* á Cidade da Cultura, unha proposta dirixida por Carlus Padrissa coa que a compañía catalá quixo recoñecer o traballo do persoal sanitario e científico que traballou na loita contra a covid-19. O espectáculo contou coa participación da agrupación tradicional Cantigas e Agarimos que nesta función en Santiago de Compostela sumouse ao elenco de La Fura.

*NN (Nova Normalidade)* tomou como punto de partida a loita contra a covid-19 para trazar un paralelismo entre os sanitarios e científicos do momento actual e os exploradores que séculos atrás abriron novas rutas marítimas ata conectar todos os océanos e circunnavegar o planeta demostrando que a Terra é esférica. Con esta peza, La Fura quixo captar ademais a nova normalidade como un berro unánime para que a Humanidade se una na consecución dos 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), remando todos e todas na mesma dirección ante ameazas de pandemias como a do coronavirus, ou do cambio climático.

A proposta, ideada e producida durante o confinamento, integrou música, canto, actuación e performance baixo a icónica linguaxe “fureira” e contou coa voz da soprano Alba Fernández Cano e a música do guitarrista Pep Mendoza.

**Datas:** 29 de xullo de 2020

**Espazo:** Praza central

**Hora:** ás 21 h.

**Entradas:** 25 € na páxina web de La Fura dels Baus

**Colabora:** Agrupación folclórica Cantigas e Agarimos

**Asistencia:** 1.000 persoas





## Magosto no Gaiás

Un ano máis a Cidade da Cultura organizou o tradicional Magosto, desta volta con tres citas, para degustar as mellores castañas do país acompañadas da mellor música galega. Os grupos escollidos este ano foron Luar na Lubre, Sumrrá e Milladoiro, continuando coa tradición de programar música de raíz nos magostos e abrindo o abano tamén ao mellor Jazz feito en Galicia. Foi necesario adaptar a capacidade da sala ata un máximo de 30 persoas, cifra que estaba ademais condicionada ao peche perimetral que decretado para a cidade de Santiago de Compostela. Ante estas circunstancias, optouse por retransmitir en directo os concertos a través da Rede, para que puidesen ser seguidos polo maior número de persoas posible.



**Datas:** 24 e 31 de outubro, 14 de novembro e 5 de decembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Horario:**

**Concertos:** Ás 20 h.

**Obradoiro:** Quenda 1 ás 10:30 h. Quenda 2 ás 16 h.

**Colabora:** Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia  
Fondo Xacobeo 2021

**Asistencia presencial:**

**Concertos:** 90 persoas

**Obradoiro:** 22 persoas

**Asistencia en redes:**

**Concertos:** 1.701 persoas

206 espectadores únicos, en directo en Youtube

1.495 visualizacións (+30 seg) en Youtube

**Obradoiro:** 8 persoas en modalidade webinarario





### Luar na Lubre | 24 de outubro

No ano 1986 nace Luar na Lubre na cidade de A Coruña converténdose co paso dos anos e co seu teimoso traballo nunha das formacións máis prometedoras e referenciais da música feita en Galicia. O traballo que desenvolve a banda está enfocado dende a óptica de entender que a música é un dos factores culturais máis importantes para a afirmación do dereito á diferenza enriquecedora do pobo galego. O grupo pretende que en Galicia predomine a súa cultura aínda que non rexeita influencias que melloren a súa proposta sen deturpar o carácter central do seu proxecto. O proxecto baséase fundamentalmente nas músicas de raíces galegas polo que dedican especial atención ao estudo dos cancioneros galegos así como ao traballo de campo que lles proporciona un fondo coñecemento sobre a realidade musical galega que tamén se revela determinante nas composicións propias.

### Sumrrá | 31 de outubro

Falar de Sumrrá é falar do trío galego de Jazz por excelencia, pero tamén é falar dun dos referentes do jazz contemporáneo do Estado. Composto por Manuel Gutiérrez, LAR Legido, e Xacobe Martínez Antelo, o trío leva xa máis de 20 anos sobre os escenarios e ten no mercado seis discos e centos de concertos dentro e fóra do noso continente, e dentro e fóra dos límites do jazz.

### Milladoiro | 14 de novembro

O grupo galego de música folk celta máis valorado e recoñecido internacionalmente. Nado a finais da década de 1970 da unión da formación tradicional Faíscas do Xiabre cos músicos Antón Seoane e Rodrigo Romaní. A formación está considerada unha das máis importantes no eido da investigación de novas sonoridades para o folk galego. Entre os seus múltiples recoñecementos atópanse os premios da Crítica e da Música e as Medallas Castelao e de Galicia.

### Obradoiro de Percusión de Man e Canto | 5 de decembro

Inicialmente previsto para o 7 de novembro, e con necesidade de adialo a decembro polas restricións perimétricas aplicadas á cidade de Santiago. Neste obradoiro o músico Xabier Díaz traballou a percusión de man e canto tradicional. As persoas interesadas puideron aprender as técnicas da pandeireta e unha aproximación ao pandeiro cadrado, xunto con nocións de música e canto tradicional. O curso tivo dúas quedas, unha de mañá de 10:30 a 13:30 e outra de tarde de 16 a 19 horas, e cun total de 15 prazas en cada unha delas.

# 02.03

## En Familia



### Nadal no Gaiás 19-20



A maxia do Nadal apoderouse da Cidade da Cultura e fixo que gozásemos durante estas festas dunha pequena grande urbe de conto, ateigada de personaxes e figuras creadas con máis de 50.000 globos e obradoiros ao acubillo do Museo Centro Gaiás. Multitude de casiñas de cores e figuras creadas con globos, renos, bastóns de caramelo, trasnos, farois e moitas luces recrearon un pequeno mundo, onde a cativada se sentiu protagonista dun verdadeiro conto de Nadal. Non faltou a árbore xigante que agardou ansiosa todo o ano para volver ser o espazo no que pendurar as decoracións feitas pola cativada nos obradoiros de decoración de Nadal. As nenas e nenos que se achegaron ao espazo puideron elaborar coas súas propias mans —axudados por monitores— adornos orixinais e cheos de cor, elaborados con piñas, madeira, globos e outros materias, nos que sacar e potenciar a súa faciana creativa e engalanar a grande árbore.

Como todos os anos, convidamos tamén á cativada a enviarnos as súas propostas creativas para o noso concurso de Postais

**Datas:** do 13 de decembro de 2019 ao 6 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás

**Horario:** Todos os días de 10 a 20 h.

Obradoiros días 13 de decembro de 2019 de 17 a 20 h.

14, 15, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2019

e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2020 de 16 a 20 h.

**Público:** de 6 a 12 anos

**Entrada:** de balde

**Asistencia:** 10.248 persoas en total

· Visitantes: 1.840 persoas 2020

· Obradoiros: 374 participantes 2020





## Pequefilmes 2020 *Festival infantil de curtas*

O mellor cine miúdo volveu ao Gaiás na cuarta edición de *Pequefilmes*. Toda unha fin de semana de proxeccións, votacións, premios do público e obradoiros cos que dar resposta á demanda dun público pequeno en tamaño pero grande en esixencias. Durante os días 18 e 19 de xaneiro de 2020, o Museo Centro Gaiás ofreceu unha emocionante e amplísima escolma das mellores producións internacionais actuais para a cativada, moitas delas premiadas e seleccionadas nos festivais de cinema infantil, xuvenil e de animación máis importantes do mundo (Annecy, Clermont-Ferrand, Chicago ICFF, Animamundi, Animafest, Dresdner Kinderfilfest...).

- 3 seccións que abarcan todas as etapas da infancia: Vagalumes (dirixida a nenos e nenas de 0 a 3 anos), Miñocas (+3 anos) e Fanecas (+7 anos).
- Preto dun cento de curtas internacionais de 27 países.
- 34 sesións: 20 de concurso (Fanecas e Miñocas) e 14 fóra de concurso (Vagalumes e Carta Branca –selección de curtas de Clermont-Ferrand e do programa “Novos programadores” promovido pola Academia Galega do Audiovisual a través do CEIP do Camiño Inglés–).

Os nenos e nenas, ademais de espectadores, foron unha vez máis o xurado do festival e a súa ollada crítica e as súas valoracións determinaron os premios do público aos mellores traballos exhibidos nas seccións Miñocas e Fanecas. En Pequefilmes 2020 foron elixidas como vencedoras as curtas *The Kite* –unha historia sobre a despedida dun ser querido realizada en stop motion e estreada na Berlinale 2019– e *O 28* –a hilarante aventura dun tranvía fóra de control polas rúas de Lisboa–.

- *The Kite*, (Martin Smatana. Rep. Checa, Eslovaquia, Polonia, 2019). Premio Fanecas
- *O 28*, (Caussé Otalia, Collin Geoffroy, Grardel Louise, Marchand Antoine, Merle Robin, Meyran Fabien. Francia, 2019). Premio Miñocas.

**Datas:** 18 e 19 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás  
Sala Miñocas, andar -1  
Sala Fanecas, aula seminario  
Sala Vagalumes, sala de proxección  
Obradoiros: Seminarios andar -1

**Horario:** Ás 11:00 e ás 16:30 h.

**Público:** Vagalumes – De 0 a 3 anos  
Miñocas – Máis de 3 anos  
Fanecas – Máis de 7 anos

**Colabora:** Festival du court métrage de Clermont-Ferrand

**Entradas:** Á venda en [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)  
Proxeccións: 2€/sesión  
Obradoiros: 3€/sesión.

**Asistencia:** 2.623 persoas



## Baile de entroido.

*Entroido animal. Bandas das Apertas con Magín Blanco e a Picadiscos Marifaltri*

Este Entroido a cativada puido gozar dunha festa moi animada, transformándose no seu animal favorito. Foi moi amplo o catálogo de anfibios, cefalópodos, aves ou mamíferos que viñeron ao Gaiás a brincar e cantar movendo o esqueleto cos temas de Magín Blanco e A Banda das Apertas.

O autor de 'Peixiños do mar' ou o 'Rock&Roll do dragón' trouxo á Cidade da Cultura os temas musicais do seu espectáculo 'A nena e o grilo' cos que fixo bailar a toda a familia animal que se achegou disfrazada ao noso particular luns de entroido.

O concerto da Banda comezou ás 18 h. pero dende as 17 h. as familias que se achegaron ao Museo Centro Gaiás puideron cantar e bailar coa música galega que nos trouxo a picadiscos infantil Marifaltri, que tamén soubo sacar o mellor da música para mover a todas e todos os asistentes a bailar.

**Datas:** 24 febreiro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1


**Horario:** Ás 17 h.

**Entradas:** Á venda en [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)

3€ anticipada / 4 € no despacho de billetes

**Asistencia:** 500 persoas





## Club das Lerchiñas

A Cidade da Cultura botou a andar durante o confinamento o Club das Lerchiñas con creadoras ou fiadoras deses relatos que tanto gustan a nenos e maiores. Cada sábado desde o 9 de maio e ata o 6 de xuño publicamos contos emitidos dende os seus fogares e que chegaban directamente aos nosos.

Nesta marabillosa familia de lerchiñas tivemos a nomes tan coñecidos e queridos como:

- **María Lado & Lucía Aldao | 9 de maio**  
Po e Xía
- **Bea Campos | 16 de maio**  
A Princesa e o Chícharo
- **Andrea Bayer | 23 de maio**  
Roque e Andrea Lerchean
- **Paula Carballeira | 30 de maio**  
Un Conto con Miga e Codia
- **Ledicia Costas | 6 de xuño**  
Operación Macarrón

Estas seis contadoras levaron directamente aos nosos fogares historias que alimentaron o maxín, deron pé a xogos na casa e a horas de conversa en familia.

**Datas:** 9, 16, 23 e 30 de maio e 6 de xuño de 2020

**Espazo:** Actividade en rede

**Horario:** Sábados ás 11 h..

**Acceso:** De balde

**Asistencia en redes:** 3.862 persoas

• Visualizacións Youtube (+30 seg): 530 persoas

• Visualizacións en Instagram TV: 2.973 persoas

• Visualizacións Facebook (+1 min):359 persoas



## Cociñeiras ilustradas

*Divertidas receitas animadas  
para preparar e papar coa cativada*

Todos os sábados do 13 de xuño ao 11 de xullo tivemos a oportunidade de poder acceder a dúas vídeo-receitas animadas por cinco recoñecidas ilustradoras galegas, que foron as encargadas de darlle vida cos seus divertidos e fantásticos debuxos a ricos xantares, ceas, merendas ou sobremesas, preparadas polos cociñeiros da Escola de Hostalaría Belarmino Fernández de Sober (Lugo): Xenxo Pereiro, Santiago Martínez, David Cidre e Miguel A. Caruncho. Un proxecto de carácter familiar para realizar nos fogares e que serviu para introducir á cativada na cultura gastronómica.

### Ana Varela (Coruña, 1987) | 13 xuño

- Cornete de pavo e verduras
- Galletas de leite condensado

### Ángeles Díaz (Coruña, 1989) | 20 Xuño

- Crema de arroz con cabaza e luras
- “Cordon bleu” de pescada

### Dani Padrón (Ourense, 1983) | 27 Xuño

- Niño de paspallás
- Crema de chocolate branco e iogourt

### Nuria Díaz (Vigo, 2006) | 4 Xullo

- Sandwich mixto con corazón fantasía de amanita muscaria
- Luriñas de salchichas con pasta

### Laura Tova (Carballo, 1989) | 11 Xullo

- Roliños de arroz
- Bolo preñado con xamón cocido e queixo

**Datas:** 13, 20 e 27 de xuño e 4 e 11 de xullo de 2020

**Espazo:** Actividade en rede

**Horario:** Sábados ás 10 h.

**Receitas:** Escola de Hostalaría Belarmino Fernández

**Asistencia en redes:** 4.692 persoas

· Visualizacións Youtube (+30 seg): 630 persoas

· Visualizacións en Instagram TV: 3.922 persoas

· Visualizacións Facebook (+1 min):140 persoas







## Escoliña de Merlins e Morganas

### *Campamento virtual de maxia con Pedro Volta*

Atendendo ás novas necesidades das familias detectadas durante o confinamento e tamén para dar resposta ás necesidades de conciliación nun verán no que foi preciso compatibilizar o teletraballo co período de vacacións da cativada na casa propuxemos esta modalidade de campamento virtual de maxia. As pequenas e pequenos da casa puideron seguir as aulas dende unha plataforma virtual en directo co Mago Pedro Volta con tres aulas semanais, dous días para que practicasen o aprendido, e un último día de encontro presencial no Gaiás no que puideron coñecer en persoa aos seus compañeiros de aula e poñer en práctica os trucos aprendidos titorados en persoa polo Mago Pedro Volta, ademais do aprendido doutros magos a través das conexións.

**Datas:** Do 22 de xuño ao 18 de xullo de 2020

**Espazo:** Actividade en rede cun encontro por quenda na sala Seminario.

**Patrocina:** Viaqua

**Horario:** Catro quendas de 3 días de aulas virtuais e un encontro en Santiago

· Quenda 1 – Luns 22, martes 23 e xoves 25 con encontro o sábado 27 de xuño de 2020

· Quenda 2 – Luns 29, martes 30 de xuño e mércores 1 de xullo, con encontro o sábado 4 de xullo de 2020

· Quenda 3 – Luns 6, martes 7, mércores 8, con encontro o sábado 11 de xullo de 2020

· Quenda 4 – Luns 13, martes 14 e mércores 15, con encontro o sábado 18 de xullo de 2020

**Idades:** de 8 a 12 anos

**Inscripcións:** a través de [ataquilla.com](http://ataquilla.com) 15 € máis gastos

**Asistentes:** 20 alumnos por quenda // 80 alumnos en total



## Agosto monicrequeiro

Nun verán diferente coma o do 2020, a Cidade da Cultura ideou un ciclo de espectáculos de pequeno formato para que o público familiar puidese gozar de forma segura con actividades culturais especificamente pensadas para a cativada. Programáronse, grazas ao Fondo Xacobeo 2021, tres espectáculos de monicreques das principais compañías galegas dedicadas a esta arte

**Datas:** 5, 12 e 19 de agosto de 2020

**Espazo:** Xardín do teatro

Andar -1 do Museo Centro Gaiás os días de malas condicións climatolóxicas

**Horario:** ás 19 h.

**Entradas:** de balde en [ataquilla.com](http://ataquilla.com)

**Asistentes:** 336 persoas

**Observacións:** Fondo Xacobeo 2021 dirección Xeral de Política Lingüística

**Roque Roquiño descobre o camiño** – Baobab Teatro – 5 de agosto

Idades recomendadas: de 1 a 8 anos.

Andrea vén de facer o camiño de Santiago e está emocionada con todo o que aprendeu, coñeceu xente de diferentes lugares de Galicia que lle aprenderon xogos de mans, cantigas, poemas... e contos, moitos contos e historias que se contan no camiño, así que Andrea ven disposta a aprenderlle a Roque todos eses xogos.

**Titircircus** – Tanxarina títeres – 12 de agosto

Idades recomendadas: maiores de 3 anos.

Historia de dous vellos traballadores dun vello circo que agora lembran con marionetas de fíos as glorias do seu pasado. Un permanente xogo participativo co público, onde aparecerán os números máis importantes dese circo xa desaparecido.

**Xan Perillán e a maleta máxica** – Os monicreques de Kukas – 19 de agosto

Idades recomendadas: de 3 a 12 anos.

Espectáculo que mestura clown, pantomima, maxia e manipulación de monicreques. Xan Perillán ten sorte, tocoulle unha viaxe a Pernambuco... Onde está? No hemisferio Norte ou no Sur? Con maxia e a axuda dos nenos pescudarao. Reúne as súas cousas e méteas na maleta. Unha maleta na que todo o que mete convértese nun truco de maxia.





## Domingos de cinema e emocións

A través dun percorrido cinematográfico, *Domingos de Cinema e Emocións* buscou facernos revivir aqueles sentimentos que experimentamos por vez primeira durante a nenez e que recoñecemos con especial intensidade en certas películas, que desde a Cidade da Cultura vos convidamos a volver ver ou ter a sorte de descubrilas. Estableceuse así un ciclo de cine dalgúns das películas que aparecen na mostra Cinema e emocións: *Unha viaxe á infancia* que puido verse no Museo Centro Gaiás, para que puidesen ser gozadas en familia.

**Datas:** 18 e 25 de outubro e 1 e 8 de novembro 2020

**Espazo:** CINC. Auditorio 1

**Horario:** ás 17 h.

**Entradas:** a través de [ataquilla.com](http://ataquilla.com)

**Asistentes:** 128 persoas

**Inside Out** | 18 Outubro | Director: Pete Docter

Recomendada: Para todos os públicos // Animación | 2015 // Duración: 94'

Riley é unha rapaza que goza e padece toda clase de sentimentos. Aínda que a súa vida está marcada pola Alegría, tamén vese afectada por outro tipo de emocións. O que Riley non entende moi ben é por que motivo ten que existir a Tristeza na súa vida. Unha serie de acontecementos fan que Alegría e Tristeza mestúrense nunha perigosa aventura que dará un cambio ao mundo de Riley.

**Le Havre** | 25 Outubro | Director: Aki Kaurismäki

Recomendada: Para todos os públicos // Comedia | 2011 // Duración: 93'

Marcel Marx, famoso escritor bohemio, exiliouse voluntariamente e estableceuse na cidade portuaria de Le Havre (Francia), onde vive satisfeito traballando como limpabotas, porque así se sente máis preto da xente. Tras renunciar ás súas ambicións literarias, a súa vida desenvólvese sen sobresaltos entre o bar da esquina, o seu traballo e a súa muller Arletty. Mais cando se cruza no seu camiño un neno negro inmigrante, terá que loitar contra os fríos e cegos mecanismos do Estado.

**Ma Vie De Courgette** | 1 Novembro | Director: Claude Barras

Recomendada: A partir de 8 anos // Animación | 2016 // Duración: 60'

Cabaciño é un neno valente que despois de perder a súa nai ten que ingresar nun fogar de acollida, con outros nenos orfos da súa idade. Nun primeiro momento esfórzase por atopar o seu lugar neste novo medio hostil. Con todo, coa axuda dos seus novos amigos, Cabaciño aprende a confiar, atopa o verdadeiro amor e unha nova familia.

**Persépolis** | 8 Novembro | Directora: Marjane Satrapi

Recomendada: A partir de 10 anos // Animación | 2005 // Duración: 95'

Versión orixinal con subtítulos. Narra a conmovedora historia dunha nena iraniana desde a revolución islámica ata os nosos días. Cando os fundamentalistas toman o poder, forzando as mulleres para levar veio e encarcerando a miles de persoas, e mentres ten lugar a guerra entre Iraq e Irán, Marjane descobre o punk, ABBA e Iron Maiden. Cando chega á adolescencia os seus pais envían a Europa, pero non soporta a soidade e volve coa súa familia, aínda que iso signifique por veio e someterse a unha sociedade tiránica.



## Festival Atlántica. *O gato con botas*

A Cidade da Cultura de Galicia foi unha das sedes do Festival Atlántica, nesta ocasión cun conto musicado da man dunha das narradoras orais máis prestixiosas de Galicia, Charo Pita, acompañada pola Banda Municipal de Santiago. Trala cancelación da actividade, prevista no mes de marzo ocasionada pola alerta sanitaria, puido celebrarse por fin no mes de decembro.

Charo Pita foi a responsable de narrar o clásico de Charles Perrault *O Gato con Botas*, musicado con composicións de Franco Cesarino. A narradora estivo acompañada pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e do seu director, Casiano Mouriño.

**Datas:** 6 de decembro 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás

**Horario:** Ás 12 h.

**Narra:** Charo Pita

**Música:** Banda de Música Municipal de Santiago

**Entradas:** A través da web do festival

**Asistentes:** 100 persoas

## Nadal no Gaiás. *Videofelicitacións con panxoliñas*

A Cidade da Cultura mudou no 2020 o seu tradicional concurso de postais de Nadal por un de videofelicitacións. Grazas á colaboración de Vaamonde e Romero escolleuse unha panxoliña do seu repertorio para que fose utilizada como base para todos aqueles que quixesen enviar os seus vídeos caseiros felicitando o Nadal. Entre todas as videofelicitacións recibidas editouse un vídeo conxunto, dado a coñecer o 24 de decembro como felicitación colectiva de todas e todos os usuarios do Gaiás.

**Datas:** ata o 6 de xaneiro 2021

**Espazo:** Redes sociais da Cidade da Cultura

**Prazo:** ata o 18 de decembro de 2020

**Publicación:** o 24 de decembro de 2020

**Asistencia en redes:** 31 participantes

377 visualizacións en Youtube (+30 seg)







## Nadal no Gaiás. *Stellae. Árbore interactiva*

De todos é coñecida a relación da cidade de Santiago de Compostela e o Camiño coa astronomía. Sendo –segundo algunhas interpretacións– a Vía Láctea o elemento que indicaba o camiño a seguir aos peregrinos para chegar á tumba do Apóstolo; dando nome á cidade de Santiago de Compostela, ao ser a luz das estrelas a que indicou o lugar exacto da tumba do Apóstolo. Esta foi a idea que inspirou a Marta Verde para crear Stellae, unha instalación de luz e son para celebrar o Nadal no Gaiás, na que a través das luces que emiten os nosos móbiles as persoas que se achegaron ao espazo puideron interaccionar coa iluminación facendo que se acendese, se apagase ou de modificase.

En aras de manter as medidas de distanciamento e seguridade derivadas da alerta sanitaria da covid-19 optouse por unha instalación interactiva pero sen contacto, a través de elementos que os propios usuarios trouxesen da súa casa, e buscando máis distancia no espazo, maior ventilación, e que as persoas usuarias non tivesen que manipular ningún elemento decorativo como en anos anteriores. A árbore xigante presidiu coma sempre o Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás, convertendo o espazo nunha celebración de luz e cor.

**Datas:** do 22 de decembro de 2020 ao 6 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes

**Deseño:** Marta Verde



## Nadal no Gaiás 20-21. Nadal en Super 8. *MOCA*

En colaboración co Museo Online de Cine Autobiográfico instálase no espazo de Nadal no Gaiás unha selección daquelas pezas deste interesante Museo que teñen relación co Nadal. Unha viaxe audiovisual afectiva ao noso pasado a través destas fitas de cinema que permitían gravacións caseiras.

O MOCA nace coa intención de recuperar o patrimonio audiovisual escondido nos fogares e dar valor ás historias cotiás gravadas nesas vellas cintas de Super 8. Na peza de 8 minutos que se proxectou recompilábanse estes anaquiños entrañables de vida destas festas doutras épocas.

**Datas:** do 18 de decembro de 2020 ao 6 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo de audiovisuais

**Promove:** MOCA — Museo Online de Cine Autobiográfico

**Colabora:** Cafés Candelas

[MA] Agencia de marketing y producción



## Nadal no Gaiás. Vaamonde e Romero. *Músicas de Nadal*

Os asistentes a este concerto puideron escoitar un repertorio de Nadal especificamente seleccionado por estes grandes músicos que continuaron así coa súa singradura cos seus 24 instrumentos populares galegos nas súas actuacións. Desesta volta reformularon o seu concerto e sumáronse ás festas do Nadal incorporando novos temas (cantos de nadal, panxoliñas, cantos de Reis...) así como instrumentos propios deste tempo. Foi así un espectáculo para todas as idades, divertido e didáctico á vez, envolto no bo humor e a calidade como intérpretes que os caracteriza.

**Datas:** 26 de decembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Horario:** ás 18 h.

**Asistencia presencial:** 100 persoas

**Asistencia en redes:** 78 espectadores únicos, en directo en Youtube







## Nadal no Gaiás.

## Axóuxeres e panxoliñas.

## *Con Soledad Felloza e o Ensemble ConcertArt*

Esta recoñecida e premiada narradora oral contou un conto típico de Nadal acompañada dun cuarteto de cordas, a Ensemble ConcertArt, que fixo as delicias dos pequenos e pequenas e dos que non o son tanto.

Soledad Felloza é actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga. Actual directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica, con sede en Galicia, ten publicado *A Cociñeira do rei* (OQO, 2015) – Premio Europeo de Narración Oral ao Mellor conto para nenas e nenos, traducido ao portugués, polaco, e linguas oficias de España–; e *La Vuelta al mundo* (La Fragatina, 2017), en castelán e tradución ao italiano. Tamén é columnista invitada en diferentes publicacións literarias e de teatro: Tantágora, Aedo, Clij, Primer Acto.

**Datas:** 28 de decembro de 2020

**Espazo:** Museo centro Gaiás. Andar -1  
Emisión en directo en liña

**Entradas:** De balde en [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)

**Hora:** Ás 18 h.

**Asistencia presencial:** 100 persoas

**Asistencia en redes:** 80 espectadores únicos,  
en directo en Youtube

## 02.04

## Letras e Pensamento



## II Obradoiro de novela

Tras o éxito da primeira edición do Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, que encheu as súas prazas en menos de cinco días, reeditamos a experiencia cunha nova actividade formativa que se prolongou arredor de catro meses. Conformado por nove aulas presenciais e un traballo de redacción das primeiras corenta páxinas dunha novela no que poñer en práctica o aprendido nas aulas, este interesante curso conta con profesores de primeiro nivel das letras galegas. Os participantes non só conseguiron as ferramentas necesarias para a escrita profesional, senón que tamén acadaron contactos profesionais e, no caso de demostrar un talento literario sobresaínte, tiveron a oportunidade de ingresar na nómina de autores representados pola axencia Rolling Words.

**Datas:** 6 de marzo (primeira aula) e do 4 de setembro ao 18 de decembro de 2020

**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia

**Horario:** Ás 17 h.

**Entradas:** Á venda en Ataquilla.com

**Asistencia:** 20 persoas en modalidade mixta, presencial e webinar dependendo da quenda.

- **Aula 1 // 6 de marzo: Javier Peña**  
Introdución ao curso: Empezar unha novela
- **Aula 2 // 4 de setembro: Arantza Portabales**  
O estilo
- **Aula 3 // 11 de setembro: Antón Riveiro Coello**  
Personaxes e diálogos
- **Aula 4 // 18 de setembro: Manuel Gago**  
O punto de vista narrativo
- **Aula 5 // 25 de setembro: Xabier Quiroga**  
Estrutura e tempos da novela
- **Aula 6 // 9 de outubro: Diego Girández**  
A corrección da novela
- **Aula 7 // 16 de outubro: Lourdes Díaz**  
O sector editorial
- **Aula 8 // 23 de outubro: Siscu Pérez**  
O mercado do libro
- **Revisión de traballos: 18 de decembro de 2020**





#aculturasegue

## Letras Galegas no Gaiás: Ricardo Carvalho Calero

**Lectura participativa en liña**  
Escolma de textos de Pilar Pallarés,  
Premio Nacional de Poesía

# Día das Letras Galegas. *Ricardo Carvalho Calero*

A Cidade da Cultura sumouse como cada 17 de maio á celebración das Letras Galegas, este ano dedicadas a Ricardo Carvalho Calero. Non quixemos faltar á cita a pesar das circunstancias de confinamento, e a nosa xa habitual lectura participativa do 17 de maio trasladouse nesta ocasión ao espazo virtual, onde convidamos a todas as persoas interesadas a compartir connosco un pequeno vídeo lendo un texto do creador do enigmático Scórpio, contribuíndo a pór en valor o labor de Carvalho Calero para dignificar o idioma e a cultura galega, e o seu prolífico traballo como historiador da literatura, crítico literario, filólogo e escritor.

A selección desta escolma de textos que puxemos á disposición do público para a súa lectura foi realizada por Pilar Pallarés, pupila de Carvalho Calero e unha das voces máis importantes da poesía galega, recoñecida en 2019 co Premio Nacional de Poesía polo seu libro *Tempo Fósil*.

Ademais de inundar a redes coas verbas de Ricardo Carvalho Calero a raposa Fedella dedicou unha das súas Aventuras no Monte das Artes ao insigne escritor. O servizo de Mediación, Información e Asistencia ao público do Museo Centro Gaiás tamén dedicou á figura de escritor un dos seus fíos didácticos en Twitter.

**Datas:** 17 de maio de 2020

**Espazo:** En liña



**Escolma de textos:** Pilar Pallarés

**Asistencia en redes:** 850 persoas

- Visualizacións Youtube (+30 seg): 68 persoas

- Visualizacións en Instagram TV: 698 persoas

- Visualizacións Facebook (+1 min): 84 persoas



## Foros #aculturasegue.

### *Reflexións sobre a cultura na era post covid-19*

A actividade, dirixida a profesionais do sector cultural e a todo tipo de público interesado, estivo organizada pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e coa colaboración do Xacobeo 2021. Enmarcouse no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, promovido polo Goberno galego e puido seguirse de balde por videoconferencia. O ciclo programou un total de cinco sesións de reflexión e debate centradas nos seguintes temas e celebradas semanalmente:

- **Retos nos contidos dixitais da cultura** | Venres, 15 de maio. 18 h.  
Modera Cecilia Pereira con Manuel Gago e Olga Sevillano Pintado.
- **Retos do sector das artes escénicas** | Venres, 22 de maio. 18 h.  
Modera Cecilia Pereira con Marta Pazos e Carlus Padrissa.
- **Retos do sector da música clásica** | Venres, 29 de maio 18 h.  
Modera Cecilia Pereira con Sabela García Fonte e Juan Ángel Vela del Campo.
- **Retos do sector do libro** | Xoves, 4 de xuño 17 h.  
Modera Anxo Lorenzo con Anxa Correa e Santiago Fernández de Caleyá.
- **Retos do sector das artes visuais** | Venres, 12 de xuño 17 h.  
Modera Jacobo Sutil con Carla Simón e Alfonso Blanco

**Datas:** 15, 22 e 29 de maio e 4 e 12 de xuño de 2020

**Espazo:** En liña

**Programa:** Xacobeo 2021

**Asistencia en redes:** 687 persoas en modalidade webinarario





## X EAN

### *Encontro de artistas novos*

No contexto actual de crise mundial producida pola COVID-19, o Encontro de Artistas Novos quixo seguir a apostar por apoiar o traballo de creadores emerxentes. A Cidade da Cultura de Galicia converteuse por décimo ano consecutivo nun espazo de encontro no que os creadores tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais.

Coordinado unha edición máis por Rafael Doctor, a novidade neste ano, e de xeito excepcional, foi a participación no programa unicamente de artistas nados e/ou residentes en Galicia, decisión tomada para, no contexto de incerteza e alerta sanitaria, minimizar no posible longos desprazamentos.

Nesta edición, o EAN trouxo ao Gaiás catro figuras de recoñecida traxectoria como Paula Rubio Infante, Chelo Matesanz, Oliver Laxe e Carlos Aires, que compartiron as súas experiencias e reflexións ao redor da arte. Os participantes conviviron tamén con tres observadores ou art followers que, desde o eido curatorial ou do xornalismo cultural, apoian os novos creadores e procuran estar ao corrente das novidades do mundo da arte emerxente. Foron Javier Díaz-Guardiola, Eduardo Valiña e Semíramis González. Cada un dos participantes no EAN realizou unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións

**Datas:** do 24 ao 27 de agosto de 2020

**Espazo:** Auditorio 1. CINC

**Asistentes:** 46 persoas

**Patrocina:** Banco Sabadell

**Programa:** Xacobeo 2021

**Artistas convidados:** Paula Rubio Infante

Chelo Matesanz

Oliver Laxe

Carlos Aires

**Art followers:** Javier Díaz-Guardiola

Eduardo Valiña

Semíramis González

#### PARTICIPANTES

Acacia Ojea López // Aldara Otero González // Alejandra Pardo Martínez // Alejandro Rego Díaz // Ana Corujo (Colectivo Lag) // Ana Isabel Gil Rodríguez // Ana Núñez Rodríguez // Andrea Otero Vázquez // Antía Carreira Vázquez // Arancha Álvarez Brandón // Bernardo Paz Codesido // Carmen Quintáns Varela // Carolina Brea Ageitos // Daniel Cerecedo Bretal // Eva Quintero Blanco // Fran Rodríguez Casal // Gigi Valdés // Isaac Rivadulla Matalobos // Judith Cerqueiro Alvariña // Julio Catalán Rubinós // Lara Buyo (Colectivo Lag) // Lara Castro Lema // Laura Navarrete Álvarez // Lucía García Martín // María Chao García // María Magán Lampón // Marta Pereira Fernández // Ofelia Cardo Cañizares // Paula Tarrío González // Pedro González Fernández // Roque Piñeiro Veira // Sandra B. Parguiña // Sandra Muñiz Gomez // Sebantian Sandoval Quimbayo // Sergio Díaz Marey (Sergio Marey) // Sergio Fernández Martínez (Sergio Femar) // Sol Mussa Juane // Tiffany Lopez Ganet // Xoana Pousada Dourado // Yuri Salgado Álvarez

# 02.05

## Visitas e Accións divulgativas Accións relacionadas coas exposicións





## Historias na encrucillada

### *Visitas relatorio temática á exposición Galicia, un relato no mundo guiadas por especialistas*

A través do ciclo Historias na encrucillada, os sábados pola mañá dende o 14 de decembro ao 7 de marzo o público puido mergullarse dun xeito diferente na exposición Galicia, un relato no mundo, afondando nunha etapa histórica ou temática concreta da man de grandes expertos nesa materia. Aspectos como a II Guerra Mundial, a ciencia e a innovación na Galicia actual, os símbolos, os fitos artísticos representados na exposición, ou as linguas, foron temas monográficos tratados por especialistas a modo de visita guiada.

Cada sábado, o público tivo así a oportunidade de descubrir a mostra cunha óptica diferente, a través dunha visita en sala a modo de conferencia. As diferentes quendas estiveron guiadas por persoas integrantes do comité científico e colaboradoras do catálogo da exposición.

**Datas:** Sábados, do 14 de decembro de 2019 ao 7 de marzo de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1 e 2

**Horario:** De 12:00 a 13:00 h.

**Inscripción:** Na páxina web da Cidade da Cultura  
De balde ata completar aforo

**Asistencia:** 175 persoas en 2020 (225 persoas en todo o ciclo)

**14 DEC |** Un percorrido polas grandes liñas e fitos da exposición, con Manuel Gago Mariño, profesor, xornalista e comisario de Galicia, un relato no mundo | 120 min.

**21 DEC |** A diáspora, con Pilar Cagiao Vila, profesora titular de Historia de América na USC e asesora especial para a emigración de Galicia, un relato no mundo | 60 min.

**11 XAN |** Un percorrido polas grandes pezas artísticas da exposición, co profesor en Historia da Arte da USC Juan Manuel Monterroso | 60 min.

**18 XAN |** Ciencia e innovación na Galicia do século XXI, co divulgador científico Manuel Vicente | 40 min.

**25 XAN |** A viaxe dos símbolos, con Manuel Gago Mariño, profesor, xornalista e comisario de Galicia, un relato no mundo | 90 min.

**1 FEB |** A II Guerra Mundial, con Emilio Grandío, profesor de Historia Contemporánea e de América da USC | 60 min.

**8 FEB |** Pezas escollidas da exposición, con Ramón Villares, catedrático de Historia Contemporánea e membro da RAG | 60 min.

**29 FEB |** A viaxe das linguas, con Henrique Monteagudo, sociolingüista, profesor da USC e membro da RAG | 60 min

**7 MAR |** Aventuras e conflitos, con Manuel Gago Mariño, profesor, xornalista e comisario de Galicia, un relato no mundo | 90 min.

CANCELADAS POR MOR DO ESTADO DE ALARMA PROVOCADO POLA COVID-19

**14 MAR |** Identidades conectadas na Prehistoria | Beatriz Comendador, arqueóloga e doutora en Xeografía e Historia | 60 min.

**21 MAR |** Coleccionismo no S.XVIII | Manuela Sáez, doutora en Historia da Arte

**28 MAR |** Ser galaicos e romanos no Finis Terrae | José Manuel Costa-García, doutor en arqueoloxía e profesor da USC | 60 min.

**4 ABR |** Visita xeral á exposición, con Manuel Gago Mariño, profesor, xornalista e comisario de Galicia, un relato no mundo | 120 min.





## Visitas á exposición *Galicia, un relato no mundo* con perspectiva de xénero

Coincidindo coa conmemoración do 8 de marzo, Día da Muller, a exposición *Galicia, un relato no mundo* dedicou as visitas comentadas das 17.30 horas durante toda a semana a afondar nas mulleres protagonistas da mostra. Así, as persoas asistentes puideron coñecer máis polo miúdo figuras históricas de tanta relevancia como a escritora Exeria ou a artista La Bella Otero, e tamén impresionantes pezas artísticas como 'A Santa', de Francisco Asorey.

**Datas:** do 8 ao 13 de marzo de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1 E 2

**Horario:** 17:30

**Asistencia:** 71 persoas



## Unha fiestra virtual a *Galicia, un relato no mundo*

A Cidade da Cultura de Galicia adaptou as súas ferramentas didácticas ás novas necesidades requiridas durante o confinamento comezando unhas serie de accións en liña para dar a coñecer aqueles contidos da exposición que xa non era posible visitar de xeito presencial por mor da emerxencia sanitaria.

**Visitas fiadas:** Realizáronse así visitas a modo de fíos de Twitter achegando os contidos da exposición a todas as persoas que estivesen interesadas en seguir coñecéndoa dende as súas casas.

**Vídeos de pezas destacadas:** Tamén se recuperaron durante este tempo os vídeos elaborados polo Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Público do Museo, debullando os contidos ou explicacións das obras máis senlleiras da exposición.

**Visita virtual:** Coa intención de achegar os seus contidos a todas as persoas que quedaron sen posibilidade de descubrir a exposición de maior éxito da Cidade da Cultura de Galicia e a través da ferramenta dixital creada para a ocasión, foi posible moverse e pasear virtualmente polas salas do Museo Centro Gaiás que acolleron a mostra. Con esta mesma finalidade quedou tamén publicado en liña o catálogo da exposición en descarga de balde para todas as persoas interesadas.

**Datas:** Do 14 de marzo ao 12 de abril de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 5.181 persoas

Visita fiada en Twitter 1.599 interaccións en Twitter

Percorrido virtual 2.164 visitas á páxina web

Pezas destacadas 1.418 interaccións en Twitter





## Aventuras no monte das Artes

### *Os retos da Raposa Fedella*

As actividades didácticas para a cativada continuaron durante o confinamento cun programa moi especial: as aventuras no monte das Artes protagonizadas por unha das habitantes do Gaiás: a raposa Fedella, astuta, intelixente e seareira da arte.

Vinculada coa exposición Galicia, un relato no mundo, esta raposa non parou de argallar pescudas e retos para os máis pequenos da casa xunto cun feixe de desafío creativos e artísticos ao redor das actividades e exposicións do Museo Centro Gaiás. Ao longo do confinamento realizáronse sete retos que se lanzaron nas redes sociais cunha ficha didáctica para que puidesen ser realizadas dende a casa.

- **Reto 1:** A desaparición da Biblia Kennicott
- **Reto 2:** O paraíso terreal
- **Reto 3:** Dúas esculturas de Galicia Un relato no mundo
- **Reto 4:** Exeria. Unha muller curiosa
- **Reto 5:** Un paseo polo bosque
- **Reto 6:** A danza na pintura
- **Reto 7:** Ricardo Carvalho Calero

**Datas:** De marzo a maio de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 2.432 descargas das fichas

## Visitas comentadas a *Cinema e emocións: unha viaxe á infancia*

As visitas comentadas a esta exposición quixeron amosar un percorrido pola historia do cinema e polas emocións humanas a través da ollada sempre pura e sorprendente da cativada. A través de fragmentos de películas de diferentes xéneros, épocas e latitudes, ademais de debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas ou obxectos senlleiros as persoas que asistiron ás visitas puideron trasladarse a momentos que marcaron a súa infancia ao tempo que os axudaron a redescubrir o medo, a ilusión, rabia ou a alegría a través da ollada dos seus protagonistas.

**Datas:** De martes a domingo  
**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3  
**Asistencia:** 621 persoas



## Visitas comentadas a *Galicia, de Nós a nós*

A exposición *Galicia, de Nós a nós* reuniu máis de 300 pezas na mostra máis completa e ambiciosa sobre a Xeración Nós, cedidas por máis de 60 institucións e prestadores privados. Obras procedentes de Francia, Alemaña e Portugal puxeron o foco nas conexións internacionais da revista e dos seus impulsores, abrindo unha vía para subliñar a dimensión de universalidade e apertura da cultura galega. As persoas asistentes ás visitas comentadas puideron contemplar obras que foron obxecto de estudo da revista *Nós*, como o Santiago de Morlaix, os esmaltes de Limoges da catedral de Ourense, o Cristo de Santa Eufemia de Ambía, o puñal de Beluso, ou a estela de Florderrei Vello. Ademais, puideron ver e debullar da man de guías especialistas documentación que habitualmente está dispersa por distintos arquivos e

que ilustra o desenvolvemento da revista: estatutos e títulos de socios da Sociedade Nós, recibos, subscricións, axenda, libro de contas, facturas ou correspondencia entre os protagonistas, que permiten rastrexar o devir da publicación. Nas visitas fíxose principal fincapé na colección íntegra da revista e as diferentes experiencias interactivas mergullando aos visitantes no deseño, os colaboradores, temáticas e conexións internacionais da publicación completando así o coñecemento do Grupo Nós.

**Datas:** De martes a domingo  
**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2  
**Asistencia:** 706 persoas





## Visitas comentadas a *As miradas de Isaac*

A través das visitas comentadas á exposición quixemos achegarnos ao polifacético universo de Isaac Díaz Pardo (ceramista, pintor, deseñador, escritor, editor, empresario...). As visitas percorreron esta exposición con máis de 260 pezas, entre obras de arte, obxectos diversos, fotografías, textos, murais, documentos e proxeccións distribuídos en dez seccións. Deuse a coñecer a importancia do pai –Camilo Díaz Baliño– no desenvolvemento da súa personalidade; infancia e mocidade compostelá na Rúa das Hortas, participando activamente a favor da campaña do si polo Estatuto de Autonomía de 1936; a faciana de pintor, que deixou unha profunda pegada en todas as súas realizacións; o seu contacto co exilio e o seu compromiso pola recuperación da memoria histórica de toda esta intelectualidade; o labor como escritor; os emprendementos empresariais, con Sargadelos como insignia das súas realizacións industriais; as iniciativas culturais e investigadoras, entre as que cabe destacar o Seminario de Sargadelos ou o Instituto de Galego de Información; o deseñador industrial que proxectou máquinas, porcelanas, mobles ou Ediciós do Castro; o editor imparable; e finalmente o recuperador –con Luis Seoane– da vangarda artística galega anterior á Guerra Civil, coa posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside.

**Datas:** De martes a domingo  
**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1  
**Asistencia:** 135 persoas



## Proxecto guía web Isaac Díaz Pardo

Da man de María América Díaz Pampín, unha das principais estudosas da figura de Isaac Díaz Pardo, púxose en marcha un repositorio en liña que quixo recoller dixitalmente toda a súa vida e obra: bibliografía, entrevistas, documentais, fotografías, epistolario, ideas... O obxectivo deste portal é manter vivo o seu pensamento e divulgalo ao maior número de persoas posible, ademais de actuar como un complemento dos contidos da exposición, que seguirá en marcha unha vez esta remate.

**Datas:** a partir do 6 de decembro de 2020  
**Espazo:** na rede  
**Dirección e contidos:** María América Díaz Pampín  
**Deseño:** Costa Comunicación Audiovisual



## Visitas didácticas en liña curso 2020/2021

Neste curso atípico, o Museo Centro Gaiás propúxose continuar a ser unha ferramenta educativa de primeira orde levando as súas exposicións ao corazón dos centros de ensino grazas ao emprego das novas tecnoloxías. Converteuse así no primeiro museo de Galicia en ofrecer a docentes e estudiantado visitas didácticas en liña nas que, a través de videoconferencia, poderán coñecer contidos culturais de gran potencial didáctico e tirar o máximo proveito dos recursos que o Gaiás facilita á comunidade educativa.

Este novo programa ofertou así unha alternativa ás visitas escolares que o complexo e exposicións da Cidade da Cultura viñan acollendo cada ano ao longo do curso escolar, e que as medidas para frear o avance da pandemia da covid-19 impedían que se desenvolvese do xeito habitual.

Estas visitas en liña permitiron o coñecemento polo miúdo das distintas pezas e relatos que se abordaron en exposicións de grande interese para os centros de ensino –como *Galicie, de Nós a nós*–, e que terá continuidade no programa de exposicións do primeiro semestre do 2021, así como a interacción directa de estudantes e docentes cos guías do Museo.

**Datas:** De martes a venres

**Espazo:** en liña

**Asistencia en redes:** 3.748 persoas  
54 grupos







## Arredor de Nós

### *Ciclo de visitas relatorio*

A través do ciclo *Arredor de Nós*, todos os martes pola tarde entre o 3 de novembro e o 1 de decembro o público puido mergullarse dun xeito diferente na exposición *Galicia, de Nós a nós* afondando nun aspecto ou temática concreta da man de grandes expertos e expertas nesa materia. Foi unha oportunidade única para descubrir a mostra cada semana cunha óptica distinta, a través dunha visita en sala a modo de conferencia, versada nun aspecto concreto da exposición do que é especialista o relator ou relatora.

**Datas:** Do 3 de novembro ao 1 de decembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2

**Asistencia presencial:** 12 persoas

**Asistencia en redes:** 1.270 persoas

· Visualizacións Youtube (+30 seg): 1.133 persoas

· Visualizacións Facebook (+1 min): 137 persoas

• **3 de novembro | Teatro, cine, radio e música na revista Nós**

Con Ana Acuña Trabazo, profesora da Universidade de Vigo e comisaria da exposición

• **10 de novembro | Un percorrido polas claves de Nós**

Con Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, académico correspondente da Real Academia Galega e comisario da exposición

• **17 de novembro | Nós. Viaxes e literatura**

Con Olivia Rodríguez González, doutora en Filoloxía e profesora na Universidade da Coruña

• **24 de novembro | O deseño que hai en Nós**

Con Pepe Barro, deseñador e ilustrador

• **1 de decembro | O alento de Nós despois de Nós**

Con María Xosé Fernández Cerviño, licenciada en Historia e en Arte pola USC e patroa do Museo do Pobo Galego



# 02.06

## Visitas e Accións Divulgativas

Actividades de difusión





## Gaiás secreto

### *Visitas comentadas para achegarse a súa arquitectura, historia e funcións da Cidade da Cultura*

A Cidade da Cultura puxo en marcha no 2019 un novo servizo de visitas comentadas, Gaiás secreto, que amosou a súa arquitectura e as súas zonas naturais dun xeito máis exhaustivo, á vez que incluíu un compoñente máis exclusivo, ao incorporar lugares habitualmente restrinxidos ao público como a galería subterránea que comunica o complexo, as sobrecubertas dos edificios e os sofisticados depósitos bibliográficos. Deste xeito, da man dos guías do Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Público da Cidade da Cultura, puidemos descubrir a historia e as claves deste complexo arquitectónico que representa un dos exemplos máis interesantes da arquitectura contemporánea de España. Toda unha urbe de cuarcita e cristal deseñada polo norteamericano Peter Eisenman, e coñecer coñecendo polo miúdo o Museo Centro Gaiás, cunha fachada de 43 metros; a Biblioteca e Arquivo de Galicia, cabeceira do sistema de bibliotecas galegas e do patrimonio documental da nosa comunidade; e as Torres Hejduk, pensadas polo arquitecto John Hejduk como un invernadoiro vertical para Santiago, e trasladadas despois ao Gaiás, onde acolle intervencións artísticas.

**Datas:** Sábados do 4 de xaneiro ao 8 de febreiro  
**Punto de saída:** Punto de información do Museo Centro Gaiás.

**Horario:** De 11:30 a 13:00 h.

**Entradas:** Na web de [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com)  
 Prezo 6 € / persoa

**Asistencia:** 29 persoas





## O bosque do Camiño

### *Plantacións de árbores por parte de peregrinos*

A cidade da Cultura de Galicia quixo convidar con esta actividade a que todos os peregrinos que así o quixesen puidesen deixar a súa pegada na cidade de Compostela, plantando unha árbore no Bosque de Galicia, nun espazo reservado a tal efecto que a partir desta actividade pasa a denominarse O Bosque do Camiño, vinculando así a Cidade da Cultura as vías de peregrinacións xacobeas e concretamente á Vía da Prata que pasa á beira do recinto de Eisenman.

Esta actividade comezouse en 2019 e, por mor dunha alerta laranxa que desaconsellaba as actividades ao aire libre, decidiuse adiar a quenda correspondente celebrándose definitivamente o 11 de xaneiro.

**Datas:** Sábado 11 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Bosque de Galicia. Fase II

**Horario:** De 11:00 a 12:00 h.

**Inscripcións:** De balde previa inscrición na Web da Cidade da Cultura de Galicia

**Asistencia:** 20 persoas







## Visitas comentadas á Cidade da Cultura

O ciclo de visitas comentadas á Cidade da Cultura de Galicia viuse afectado ao igual que o resto da programación pola covid-19. Unha vez retomada a actividade presencial, foi necesario repensar e reorientar as tipoloxías de visitas que se viñan realizando, con visitas de menor duración, fomentando os percorridos no exterior dos edificios, cun número reducido de participantes, e sempre con reserva previa. Puxéronse a disposición do público catro tipoloxías de visitas diferentes, para coñecer a fondo o proxecto arquitectónico e os espazos do Gaiás, incluíndo ademais neste programa as visitas regulares ás exposicións temporais.

**Datas:** A partir do 1 de xullo de 2020

### Os espazos naturais do gaiás

De martes a domingo ás 11:15 h

**Asistencia:** 248 persoas

Percorrido polas zonas verdes do Monte Gaiás para descubrir dun xeito exprés das máis de 40 Ha de zonas verdes que rodean o complexo arquitectónico, coñecer a súa fauna e a súa flora e deterse nos principais aspectos medioambientais asociados a estes espazos naturais.

### Xénese e proxecto do gaiás

De martes a domingo ás 12:15 h

**Asistencia:** 130 persoas

Partindo da visita á exposición permanente das maquetas de todos os proxectos que se presentaron en 1999 ao Concurso Internacional de Arquitectura para realizar a Cidade da Cultura de Galicia, explícanse os principais fitos da historia do complexo. Debulláronse as propostas presentadas por destacados equipos de arquitectura nacionais e internacionais e déronse a coñecer tamén os detalles do proxecto de obra deseñado por Eisenman Architects.

### A cidade: o que non se ve

De martes a domingo ás 13:15 h

**Asistencia:** 414 persoas

Unha descuberta diferente do Gaiás na que coñecer desde as liñas mestras do proxecto arquitectónico, aos principais usos e fitos do complexo, ou as claves do seu funcionamento. Visítase o espazo multiusos no andar -1 do Museo Centro Gaiás e tamén a abraiante galería de servizos subterránea, que comunica o subsolo de todos os edificios.

## Día Mundial do Teatro: *Don Juan de Voadora*

O día Mundial do Teatro desde 2020 celebrouse nas primeiras semanas do confinamento severo que sufrimos durante a crise sanitaria provocada pola covid-19. A Cidade da Cultura, coa intención de ofrecer unha oferta cultural en rede, puxo en aberto a disposición de todas as persoas interesadas unha das súas estreas máis aclamadas: o Don Juan da compañía galega Voadora no marco do Festival de danza, teatro e arte en Acción Escenas do Cambio.

Nesta peza, a compañía galega Voadora subiu ao escenario do Museo Gaiás da Cidade da Cultura a persoas maiores, actores e actrices non profesionais. Todos eles compartiron con nós cantas vidas, cos seus respectivos ensaios, collen nunha soa.

**Datas:** 27 de marzo de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 202 visualizacións en Youtube (+30 seg)



## Día Das Artes Galegas: *Domingo de Andrade*

É imposible imaxinar Compostela sen a arquitectura de Domingo de Andrade, con obras tan relevantes como a Torre do Reloxo da catedral de Santiago ou a tripla escaleira helicoidal do Museo do Pobo Galego. Pero o seu legado é tan amplo como interesante. Durante o confinamento, quixemos unirnos na celebración do Día das Artes Galegas deste ano cun fío de Twitter no que, ademais de percorrer as principais obras de Domingo de Andrade, puidemos entender mellor as razóns que fixeron á Real Academia de Belas Artes escollelo como homenaxeado neste ano.

**Datas:** 1 de abril de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 933 persoas interaccións en Twitter



## Clic xanela: *Fotografías dende as fiestras*

Para pasar mellor o confinamento provocado pola covid19, a Cidade da Cultura de Galicia lanzou unha actividade en rede na que se convidaba ao público a compartir as imaxes que vían dende as súas fiestras, tiradas seguindo as titorías que o fotógrafo galego Óscar Corral —colaborador da Cidade da Cultura e tamén da axencia EFE e de medios como La Voz de Galicia ou El País— fixo nas redes sociais do Gaiás durante o mes de abril. Corral convidou a tirar proveito da cámara do noso móbil e das fiestras deste obrigado #quedanacasa, asesorando sobre como rescatar do mellor xeito posible eses divertidos ou especiais momentos que se coaron polos cristais e que seguen a formar parte das nosas cotiandades.

**Datas:** Abril e maio de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 2.263 persoas


· Visualizacións Youtube (+30 seg): 693 persoas

· Visualizacións en Instagram TV: 1393 persoas

· Visualizacións Facebook (+1 min): 177 persoas







## Día do Libro:

### *Dez obras extraordinarias que visitaron o Gaiás*

Desde o primeiro libro impreso en Galicia, a unha das biblias hebreas máis valiosas da historia ou o manuscrito dun Nobel de Literatura... Todos eles visitaron a Cidade da Cultura nalgũa das exposicións que acolleu, deixando abraíadas ás persoas amantes dos libros que os admiraron. Durante o confinamento, e coincidindo co Día do Libro, fixemos un repaso dos máis destacados nas nosas redes sociais.

1. Liber Sancti Iacobi (Códice Calixtino) [Códices] e [Galicia, un relato no mundo]
2. Enciclopedia Mecánica de Ángela Ruiz Robles [Exlibris Gallaeciae]
3. Misal Auriense [Códices]
4. Manuscrito de La Colmena de Camilo José Cela [Cela, o centenario dun Nobel]
5. Galicia Mártir de Castelao [Castelao Maxistral. A boa obra ao mestre honra]
6. Códex Aretinus [Galicia, un relato no mundo]
7. Tumbo A da Catedral de Santiago [Códices]
8. Biblia Kennicott [Galicia, un relato no mundo]
9. Cantares Gallegos de Rosalía de Castro [Exlibris Gallaeciae]
10. Libro X de Pergameos Reais da Catedral de Lugo [Códices]

**Datas:** 23 de abril de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:** 153 visualizacións en Youtube (+30 seg)

## Día Internacional da Danza

**Datas:** 29 de abril de 2020

**Espazo:** En liña

**Asistencia en redes:**

Bailas e fasme libre: 1.064 persoas

· Visualizacións Youtube (+30 seg): 81 persoas

· Visualizacións en Instagram TV: 630 persoas

· Visualizacións Facebook (+1 min): 353 persoas

Reto de baile da Raposa Fedella: 358 visualizacións en youtube (+30 seg)

### “Bailas e fasme libre”

No Día Internacional da Danza fixemos noso este verso de Uxío Novoneyra tan oportuno nestes tempos. Catro palabras capaces de concentrar unha das grandes cualidades dunha das primeiras formas de comunicación da humanidade. Desde antes do poder da palabra, a danza permitiunos expresar alegría pola felicidade; tristeza na dor; ou carraxe ante a impotencia. Bailamos para expresarnos, para sentir, para ser. Nun teatro, nunha praza, nunha romaría, nunha festa familiar, en grupo, en parella e tamén sós, que non en soidade. Así decidimos celebralo cun vídeo resumo das principais pezas de danza que teñen pasado polo complexo da Cidade da Cultura de Galicia nas que puidemos ver fragmentos de espectáculos do Festival de Teatro, danza e Arte en Acción, Escenas do Cambio de creadores da talla de Marco Berrettiini, Alessandro Sciarroni, François Chaignaud, Israel Galván, Janet Nocs, Nuria Sotelo ou Leonor Leal entre outros.

### Bailando coa raposa Fedella

De especial mención foi a difusión do Día da Danza feita para o público infantil e xuvenil. Dentro do programa Aventuras no monte das artes fíxose un percorrido polas principais pezas pictóricas da historia da arte con escenas de danza como temática. Ademais, como reto, convidouse á cativada a enviar vídeos bailando dende as súas casas durante o confinamento deixando claro que a danza é unha arte que nos une na distancia e nos enche de ledicia. Para esta actividade, ademais das nenas e nenos que de xeito particular quixeron participar, contamos coa colaboración do estudiantado do CPI de Dodro e do CEIP de Laredo.



## Día Internacional dos Museos

O 18 de maio festéxase internacionalmente o Día dos Museos, que este ano tivo como lema “Igualdade, diversidade e inclusión”. Na Cidade da Cultura quixemos lembrar todos eses proxectos expositivos que acollemos ao longo da existencia do Museo Centro Gaiás, fiados con estas tres maravillosas, revolucionarias e imprescindibles palabras que deberan estar no cerne de calquera actuación e acción, e non só no eido cultural. Elaborouse así un vídeo resumo no que se tomaron o espírito de diversidade e inclusión nas exposicións do Gaiás como *Orinoco*, *José Suárez*, *Uns ollos vivos que pensan*, *Baldomero Pestana*. *A verdade entre as mans*, *Cinegalicia25*, *Castelao Maxistral* ou *Galicia, un relato no mundo*.

**Datas:** 18 de maio de 2020

**Espazo:** en liña

**Asistencia en redes:** 865 persoas

· Visualizacións Youtube (+30 seg): 73 persoas

· Visualizacións Facebook (+1 min): 792 persoas



## #Culturalike2:

### *A cultura científica que triunfa en internet*

Nun tempo no que o noso consumo de información e cultura se viu fundamentalmente afectado pola permanencia nos domicilios, a divulgación cultural nas redes gaña aínda máis importancia. Internet e todas as plataformas sociais en liña supoñen poderosas fiestras ao mundo que están a encherse de profesionais das diferentes ciencias e disciplinas, axudando á poboación a comprender de maneira máis profunda cuestións culturais ou científicas. Por iso, nesta segunda edición de #CulturaLike afondamos na cultura científica con dous modelos de éxito da divulgación da ciencia: Deborah García Bello e Quantum Fracture.

Os dous coñecidos divulgadores, en conversa con Miguel Ángel Cajigal, El Barroquista, faláron de como enfocar a divulgación científica e como lograr que a ciencia pura sexa divertida e poida enganchar a unha audiencia xeral de millóns de persoas interesadas en comprender mellor como funciona o universo. Deron conta da súa maneira de traballar para que os participantes nesta xornada puidesen coñecer como se fai divulgación dende dentro e aprender con eles a divulgar contidos nas diferentes canles.

Ademais, como parte da programación do Gaiás para festexar o Día Internacional dos Museos 2020, o #CulturaLike2 propúxose facilitar a inclusión de públicos amplos grazas ao seu formato online, diversificando os contidos do museo cara ao campo da cultura científica.

**Datas:** 20 de maio de 2020

**Espazo:** En liña

**Relatores:** Deborah Ciencia  
Quantum Fractum

**Modera:** Miguel Cajigal

**Asistencia en redes:** 151 espectadores únicos, en directo en Youtube





## Andaina feiticeira

### *Recollida das herbas de San Xoán nos espazos naturais do Gaiás*

A noite de San Xoán é unha noite cunha gran riqueza de rituais. Auga, lume e vexetación son os tres elementos primordiais na celebración desta noite meiga que marca a chegada do verán. Un dos ritos máis feiticeiros é deixar, ao relento da noitiña, un feixe de herbas a macerar nun caldeiro de agua para, na mañá, lavarse e ficar así purificadas/os e perfumadas/os e espantar os males. E para dar a coñecer máis esta tradición á vez que ensinar a riqueza botánica do Bosque de Galicia, dende a Cidade da Cultura neste 2020 retomamos unha actividade de grande acollida por parte do público, as andainas de San Xoan. Da man dos guías do Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante volvemos a buscar herbiñas de San Xoan (Herba Luísa, malva, tormentelo, abeluria, estalote, codeso ou fiúncho) nos espazos naturais do Gaiás e coñecer máis a fondo esta impresionante zona verde.

**Datas:** 23 de xuño de 2020

**Espazo:** Bosque de Galicia

**Hora:** Ás 18 h.

**Patrocina:** Viaqua

**Asistentes:** 10 persoas



## Galicia emerxe

A Cidade da Cultura acolleu en setembro 50 concertos de artistas e grupos musicais galegos, de moi diferentes estilos, no marco do ciclo Galicia Emerxe, un programa de música ao vivo que foi gravado para a súa emisión en programas da CRTVG así como en redes sociais, como parte do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos da covid-19. Esta iniciativa contou coa participación de artistas e grupos galegos de moi diferentes estilos que quixo servir de plataforma para a promoción dos seus traballos mediante un atractivo formato audiovisual, deseñado para a súa emisión televisiva e a difusión en liña.



**Datas:** Do 27 de agosto ao 29 de setembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Organiza:** Agadic

- 
- 27 ago: Zenzar // Xoana
  - 28 ago: Laura Lamontagne e Pico Amperio // Pauliña
  - 29 ago: Margarida Mariño // Presumido
  - 31 ago: Faia // Mercedes Peón
  - 1 set: A Banda da Loba // Banda Crebinsky
  - 2 set: Germán Díaz e Benxamín Otero // Mounqup
  - 3 set: Blanco Palamera // Dakidarría
  - 4 set: Woyza // Silvia Penide
  - 7 set: Talabarte // Luar na Lubre
  - 8 set: Bala // Sés
  - 9 set: Budiño // Xael López
  - 10 set: Fernando Barroso // The Soul Jacket
  - 11 set: Pablo Lesuit // Novedades Carmiña
  - 14 set: Tanxugueiras // Susana Seivane
  - 15 set: Son Trío // Holywater
  - 16 set: Caldo // Familia Caamagno
  - 17 set: María Toro // Ataque Escampe
  - 18 set: Furious Monkey House // Terbutalina
  - 21 set: Eladio y los seres queridos // Abraham Cupeiro
  - 22 set: De Vacas // Triángulo de Amor Bizarro
  - 23 set: Marcos Teira // Sumrrá
  - 24 set: Alejandro Vargas // Rodrigo Romaní
  - 25 set: Santi Araújo // Carlos Núñez
  - 28 set: Boyanka Kostova // High Paw & Elephant Yard
  - 29 set: Xan Campos Trío // Ghost Beast





## Delas Fest. Mulleres e cultura urbana

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu a xornada de faladoiros e jam artística programada dentro do festival feminista de arte urbana e contextual Delas Fest e organizado pola cooperativa 7H. A xornada articulouse en base a dous módulos: un de carácter teórico e formativo e outro orientado á creación experimental e cun espírito máis lúdico. Tivo como obxectivo fomentar a análise e o debate sobre a situación da cultura urbana galega en clave de xénero, poñendo en valor a riqueza da cultura urbana feita por mulleres en Galicia.

### Programa faladoiros:

10:00 h. Apertura da xornada.

10:15 h. O espazo público como espazo político, por Lina Castellanos.

11:20 h. A arte urbana desde o colectivo e contextual, por Lorena Arévalo.

12:20 h. Pausa café.

12:45 h. Mesa redonda. Mulleres e cultura urbana. Unha análise desde o feminismo, con Festa, Ira, Iria Prol e Eva Comesaña e Marcia Vázquez (colectivo 85C). Modera: Clara R. Cordeiro.

### Delas Jam:

17:00 h. Delas Jam, encontro de improvisación pictórica.

19:00 h. Concerto de High Paw e clausura do evento.

**Datas:** 12 de setembro de 2020

**Espazo:** Faladoiros: CINC. Auditorio 1  
Delas Jam: Xardín do Teatro

**Organiza:** 7H cooperativa

**Asistentes:** 168 persoas



## Andainas de outono

### *Roteiros en familia polo Bosque de Galicia*

As *Andainas de outono* foron un xeito diferente de coñecer os espazos naturais da Cidade da Cultura de Galicia. Unha ruta duns 5,5 quilómetros e dúas horas de duración na que ademais de camiñar polo monte, deuse a coñecer a flora que poboa o Monte Gaiás e as características, anécdotas e lendas asociadas a cada especie. Este formato deseñouse como unha visita de interpretación da natureza onde coñecer as diferentes especies arbóreas do Bosque de Galicia, gozar do poético Xardín Literario con vistas á catedral ou descubrir os segredos do Parque do Lago. A ruta foi circular, con saída no Multiusos Fontes do Sar e chegada ao mesmo punto, atravesando a aldea do Viso.

**Datas:** 26 de setembro, 21 e 22 de novembro de 2020  
**Espazo:** Bosque de Galicia  
**Público:** Dirixido a familias con nenos a partir de 8 anos.  
**Aforo:** 9 persoas setembro // 4 persoas novembro  
**Patrocina:** Viaqua  
**Asistencia:** 12 persoas





## Golpes

### *Peza faladoiro contra a violencia machista*

Para dar visibilidade ao Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero o Museo Centro Gaiás programou a peza producida por aAntena Golpes. Golpes saca o mellor do talento da actriz galega Estibaliz Veiga para pór en escena un relato cru e directo polo cotiá das accións de como unha moza vai cedendo nunha relación desigual ata irse atopando fóra da súa personalidade. É unha peza que afonda dun xeito directo e fuxindo do tráxico en como nas accións máis cotiás nace o “golpe” da desigualdade e aparece a violencia machista. Desde aAntena pretendeuse con este espectáculo sementar esa visión dun “mundo mellor posible”, á vez que amosar o seu compromiso de inferir na sociedade cun espectáculo directo onde se amose dun xeito entretido a desigualdade latente, e a dor que causa unha lacra social como é a violencia machista.

As persoas asistentes puideron compartir coa actriz nun faladoiro posterior as súas impresións sobre o contido do monólogo e a forma na que ela o aborda en escena.

**Datas:** 24 de novembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás

**Horarios:** Ás 20 h.

**Aforo:** 30 persoas.

Aforo delimitado polas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do covid-19 decretadas pola consellería de Sanidade na Orde do 4 de novembro de 2020

**Entrada:** De balde previa retirada de convite en [Ataquilla.com](http://Ataquilla.com).

**Produción:** Bernardino Martinez

**Dirección:** Xosé Leis

**Actriz:** Estibaliz Veiga

**Selección música:** Estibaliz Veiga, Xosé Leis

**Deseño iluminación e escenográfico:** aAntena

**Asistencia presencial:** 30 persoas

**Asistencia en redes:** 32 espectadores únicos, en directo en Youtube





# 03

## Emprender no Gaiás

O Centro de Emprendemento Cultural e Creativo (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a incubación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas, dinámicas, competitivas e innovadoras.

Distribuído nun espazo de coworking e un viveiro de empresas, o CEM desenvolve o seu labor ao servizo dos emprendedores, para que leven a cabo a súa idea de negocio.

Os creadores poden desenvolver o seu proxecto nunha contorna creativa, co asesoramento de expertos e cunha rede de contactos profesionais que se poñen ao seu servizo para converter o seu soño nunha forma de vida.

Grazas a un lugar de traballo flexible, onde as persoas emprendedoras poden establecer sinerxías con outros creadores das industrias culturais, aqueles emprendedores ou empresas que así o desexan comezan a dar os seus pasos coa titoría dos mellores expertos do sector.

Desde a súa posta en marcha en 2012 o CEM –ademais de poñer o espazo ao servizo dos creadores e das creadoras galegas– desprega ao longo de todo o ano un amplo programa de actividades dirixido a crear cultura emprendedora en Galicia e a apoiar aos creadores e creadoras á hora de materializar os seus proxectos, nunha contorna que multiplica as súas posibilidades de éxito.

En 2020, malia as circunstancias de emerxencia sanitaria, o Centro de Emprendemento Cultural e Creativo (CEM) do Gaiás organizou case unha quincena de actividades con arredor de 600 asistentes físicos e 1.500 asistentes virtuais, garantindo todas as medidas de seguridade.

Tamén en 2020, tras varios anos de incorporacións sucesivas de distintas empresas e entidades ao Centro de Emprendemento, realizáronse obras destinadas á reconfiguración e adaptación dos espazos de traballo á actual realidade do Centro. O proxecto de reforma implicou a reestruturación e renovación do interior do edificio, que conta neste momento cunhas instalacións renovadas para o servizo das persoas usuarias, pasando a acoller tamén o Polo Gaiás Tech, un espazo de demostración e experimentación en novas tecnoloxías dixitais.







### III Atlantic Emprende + Gaiás

Na súa terceira edición, Atlantic Emprende+Gaiás volveu propoñer un espazo de debate e aprendizaxe entre profesionais, emprendedores, estudantes e empresas da industria musical.

O encontro tivo como obxectivos o desenvolvemento de mercados, tanto para o sector musical como para aquelas empresas que queren potenciar o seu negocio traballando coa música como ferramenta.

O evento ofreceu a oportunidade de escoitar a figuras de primeiro nivel da escena nacional e internacional da industria musical, que achegaron de primeira man as súas experiencias vitais e profesionais para servir de inspiración a estudantes, emprendedores e profesionais en activo.

Unha aposta por estender a marca dun festival máis aló dos concertos e tentar xerar un espazo común para todos os profesionais ou interesados no mundo da música.

Entre os relatores, destacaron Alba Barneda, directora de produción de CANADA, que expuxo o proceso de produción de dous videoclips que marcaron un antes e un despois na súa empresa: *Malamente* e *Pienso en tu mirá*, de Rosalía.

Para pechar a xornada, Javier Mariscal, recoñecido deseñador gráfico e debuxante non deu unha conferencia ao uso, senón máis ben unha “charla-performance”. Apoiado en música e proxeccións falou, ademais dous seus traballos, dos de outros artistas (de Picasso a Lichtenstein), e de temas ou lugares que lle inspiraban na súa obra, demostrando que a arte non ten por que estar enfrontado ao humor, facendo un repaso divertido e ilustrativo de toda a súa traxectoria.



## Programa de Creación de Empresas Culturais Go2Work

O plan integral de apoio a emprendedores do programa de creación de empresas culturais Go2Work beneficiou durante este ano a 22 empresas de ámbitos como o deseño, a artesanía, a xoiería creativa, a fotografía, a ilustración, o ensino ou o turismo e o patrimonio cultural.

Esta iniciativa é froito da colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Escola de Organización Industrial (EOI).

Os proxectos beneficiados accederon a sesións informativas, titorías e networking, que culminaron cun Demo Day no que cada participante este ano presentou a súa iniciativa a nivel virtual. A pesar das restriccións, as clases e titorías mantivéronse, coas posibilidades que nos permite a tecnoloxía e o ensino a distancia e implementando todas as medidas de seguridade nos encontros presenciais.





## WOS Talks x Fest Galicia 2020

Novamente enmarcado na programación do CEM volveu o WOS TALKS á Cidade da Cultura, nunha edición na se que abordaron cuestións transversais que abraccaron máis aló da música ou as artes, como a xestión social ou a nosa relación co mundo dixital.

Nomes como Mat Dryhurst, Christian García Bello, Cora Novoa, ou ¥€\$Si Perse compuxeron o elenco de relatores cos que conversamos este ano nun completo programa de conversas que se puideron seguir presencialmente no Gaiás e tamén en liña.

A xornada finalizou cun programa musical no que o lendario músico e produtor Suso Saiz se ocupou de representar o presente da música electrónica de vangarda española; mentres que os novísimos galegos Yugen Kala demostraron que o xénero goza dun futuro prometedor cun DJ Set de ambient preparado especialmente para a ocasión.

### Programa de faladoiros

**16:00 h.**

Apertura da xornada e introdución Futuro\_Presente: Mat Dryhurst.

**16:30 h.**

Talk 1: Futuro\_Presente: Redefinir os nosos modelos. Participan: Arnau Sabaté, Cora Novoa, María Baqueiro, Sarah Rasines.

Moderan: Frankie Pizá, Marta Gómez

**17:45 h.**

Talk 2: Futuro\_Presente: Redefinir as nosas comunidades. Participan: Alex Nikolov, Paula Pin, Silvia Bianchi, ¥€\$Si Perse.

Moderan: Frankie Pizá, Marta Gómez

**19:00 h.**

Talk 3: Futuro\_Presente: Redefinir o noso eu dixital. Participan: Ana Quiroga, Bego M. Santiago, Christian García Bello, Los Voluble, Miguel Prado.

Moderan: Frankie Pizá, Marta Gómez

### Programa musical

**20:30 h.** YUGEN KALA (dj set)

**22:00 h.** SUSO SAIZ (live)



## VI Maker Faire Galicia

A Cidade da Cultura transformouse en novembro de 2020 no espazo virtual que acolleu a Maker Faire Galicia, que na súa sexta edición estreou un novo formato totalmente en liña. O encontro volveu ser un grande escaparate para a creatividade e o enxeño, pensado para todos os públicos, ao que neste ano atípico se puido acceder de maneira remota desde calquera punto do planeta.

Maker Faire é a maior feira de inventores e inventoras do mundo, un lugar para compartir coñecemento, descubrir proxectos fascinantes, facer contactos profesionais e dar a coñecer o movemento maker en calquera disciplina, desde gastronomía, robótica, mecánica, ciencia, arte urbano, música, electrónica ou artesanía.

A Maker Faire Galicia pechou esta sexta edición consolidando un gran salto internacional, xa que a metade dos visitantes virtuais procederon de América Latina, sobre todo de países como Arxentina, Brasil, Colombia ou México.

Este ano a feira de innovación destacou polo seu recoñecido cartel de relatores, encabezado por Maitane Alonso, Yannick Roy, James Bruton, ou Asier Marzo. Os participantes do evento puxeron en valor o innovador formato e a calidade dos contidos que se ofreceron nesta edición.

No transcurso do evento realizáronse numerosas competicións, tanto nas xornadas da industria, como na educativa ou nas abertas, nas que destacaron tanto o nivel dos proxectos presentados como a posta en escena.

Durante a xornada educativa, chegaron á final da competición de proxectos 10 centros de Galicia e Portugal, que participaron en dúas categorías, makers e minimakers.

Aproveitando a creación deste novo formato de evento 100% dixital, a organización optou por manter os contidos na plataforma do evento en aberto durante todo o ano, podendo así volver a desfrutar da experiencia e chegando a moito máis público a nivel mundial.





## Servizo de asesoramento para empresas e profesionais culturais

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, puxo en marcha un Servizo de asesoramento dirixido a empresas e profesionais culturais no marco do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

Este servizo, vixente tamén no 2021, ten como obxectivo dar resposta a todo tipo de dúbidas de carácter laboral, fiscal e mercantil relacionadas coas medidas postas en marcha para paliar as consecuencias económicas da covid-19, asesorando sobre as diferentes liñas de axudas ás que poden optar as empresas e profesionais do sector cultural, así como outras dúbidas sobre cuestións como ERTES, prestación por cese de actividade, plan de desescalada, moratorias nas cotizacións á Seguridade Social, aprazamentos de impostos, etc.

A partir do 25 de maio púidose acceder ao servizo de asesoramento tanto en liña de forma continuada, como de forma presencial no Museo Centro Gaiás os mércores, xoves e venres en horario de 10 a 14 horas.

Entre a súa oferta de servizos inclúese o apoio a autónomos e empresas culturais na procura de financiamento, incluíndo información sobre as liñas de axudas e crédito artelladas no marco da emerxencia sanitaria e asesoramento personalizado para o acceso ás mesmas.

Tamén se ofrece asesoramento na mellora da competitividade empresarial, en temas como plan de negocio e apertura de novos mercados e consultaría sobre cuestións laborais, fiscais e mercantís no contexto da COVID-19.

Ademais, as empresas e profesionais da cultura poden acceder ao servizo para informarse en materia de internacionalización, xa sexa para a elaboración dun diagnóstico e plan de acción a curto prazo, para recomendacións en prospección de novos mercados e estratexias de internacionalización, ou para acceder a asesoría en dúbidas puntuais nesta área (como aranceis, documentos aduaneiros, fiscalidade, transporte internacional, misións comerciais...).



## Colaboración con asociacións empresariais

A Cidade da Cultura colabora coa Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE). O convenio establece que AJE Galicia conta cun espazo de balde no CEM, con acceso a todos os servizos e infraestruturas do centro, onde a asociación vén organizando actividades para impulsar a creación e consolidación de novas empresas galegas. Este lugar serve tamén de sede para a delegación da AJE en Santiago de Compostela.

Pola súa banda, á asociación correspóndelle a promoción entre os seus afiliados das actividades que se programan no CEM, así como a realización de encontros, accións formativas e de ampliación da rede de contactos tanto das empresas asociadas como daquelas que se atopan no coworking e no viveiro de empresas do Gaiás.



### Foro AJE Galicia

O pasado 12 de marzo, a Cidade da Cultura acolleu o foro Empresarial Aje Galicia 2020, un encontro para debater e coñecer novas tendencias en innovación e investimento, enfocado a mellorar a produtividade das empresas galegas.

O evento reuniu a empresarios e institucións de toda España, de todos os sectores, e estivo dirixido a mozos e mozas emprendedoras e universitarias con vocación de crear a súa propia empresa; así como a empresarios e empresarias e organismos relacionados co mundo corporativo.

Contou con relatores como o coñecido empresario, asesor e coach, Emilio Duró, ou a empresaria coruñesa Yaiza Canosa, CEO da startup loxística GOI e elixida en 2017 como unha das 30 persoas menores de 30 anos con maior proxección profesional pola revista Forbes. O encontro enmarcouse no convenio de colaboración que o Centro de Emprendemento ten con Aje Galicia, e que ambas entidades manteñen desde 2017.

## Instituto Galego do Viño- INGAVI

No Centro de Emprendemento do Gaiás fórmanse cada ano as novas xeracións de sumilleres galegos cos mellores profesionais do sector. Desde a súa sede no viveiro do Gaiás, o Instituto Galego do Viño traballa na difusión da cultura do viño en Galicia e na formación de profesionais e amantes do eido da viticultura e a cata.

Desde o seu nacemento en 2010 da man de Xoán Cannas, o Ingavi propónse estender a formación vitivinícola ao ámbito profesional e achegarlle á sociedade o coñecemento do viño a través, non só de seminarios e cursos de especialización, senón tamén mediante a organización de eventos e premios.

A día de hoxe, o seu equipo de docentes está constituído por sumilleres, viticultores, enólogos e bodegueiros de prestixio internacional e polo seu espazo formativo no CEM pasan figuras da relevancia de Ferran Centelles -xefe de sumilleres de El Bulli-, Guillermo Curzo -director de sumilleres de Mugaritz-, o chef Pepe Solla, ou o enólogo Dominique Roujou.







# 04

## Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia é unha institución dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. No ano 2021 cúmprense 10 anos da inauguración da súa sede actual, o edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia na Cidade da Cultura. Porén, a cabeceira do Sistema de Bibliotecas de Galicia existe dende o ano 1989, no que a Lei de Bibliotecas de Galicia 14/1989 a crea oficialmente, aínda que co nome de Centro Superior Bibliográfico de Galicia.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece que a Biblioteca de Galicia é a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas. Entre as súas funcións está a de recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia, a produción bibliográfica galega e a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego. Esta misión fai que sexa unha biblioteca orientada de xeito preferente aos investigadores, aos estudosos e a aquelas persoas que están interesadas na cultura e nas letras galegas.

A constitución e desenvolvemento dunhas coleccións de calidade, equilibradas e adecuadas aos seus fins é un labor fundamental para poñer os alicerces dos servizos que ofrece e que ofrecerá no futuro a Biblioteca de Galicia. A finalidade de conseguir e conservar, polo menos, un exemplar de todo o publicado, impreso, producido ou gravado en Galicia ou relacionado con Galicia polo idioma, autoría ou temática, ten como consecuencia que se manteña ano a ano unha política de xestión e incremento das coleccións baseada en criterios de calidade dos contidos e de utilidade para os usuarios.





## Coleccións bibliográficas físicas

Nos 10 anos de historia da BdG merece ser destacado o papel que teñen as doazóns das bibliotecas particulares de importantes persoeiros da nosa cultura na construción desas coleccións de calidade coas que conta hoxe en día. As coleccións bibliográficas persoais de intelectuais galegos tan destacados como Isaac Díaz Pardo ou Basilio Losada xa poden ser consultadas no catálogo da biblioteca, información que se enriquecerá proximamente cando remate o proceso técnico sobre os fondos das cinco doazóns de particulares que recibiu a Biblioteca de Galicia no ano 2020. Trátase das bibliotecas particulares do catedrático de Xeografía, Augusto Pérez Alberti, con máis de 1.800 exemplares; do xurista José Manuel Romay Beccaría, composta por máis de 3.000 volumes; e as dos escritores María Xosé Queizán, Luz Pozo Garza e Xavier Seoane, con máis de 2.800, 4.200 e 10.900 libros cada unha delas.

Estas doazóns implican un importante incremento, tanto en calidade como en cantidade, das coleccións da biblioteca. Pero esta non é a única fórmula que se emprega para seguir incorporando fondos bibliográficos de interese para Galicia. A institución

xurídica do depósito legal é un sistema que establece a obrigatoriedade da entrega, por parte dos editores, produtores, impresores e outros suxeitos obrigados, dunha ou de varias copias das súas publicacións de forma gratuíta para a administración pública receptora. No caso de Galicia o centro de conservación de referencia é a Biblioteca de Galicia e por esta vía seguiuise recepcionando e custodiando un exemplar de todo o editado no 2020 na nosa comunidade autónoma.

A outra vía para continuar enriquecendo e aumentando as coleccións da Biblioteca de Galicia é a compra. No 2020 adquiríronse un total de 1.093 exemplares coa finalidade de intentar completar ocós existentes nos seus fondos e responder ás necesidades de estudo e investigación dos seus usuarios e usuarias. No ano 2020 a selección das novas obras adquiridas pola BdG tivo como obxectivo incrementar dúas das súas coleccións máis especializadas, o Fondo LGTB e a Biblioteca da Muller-Sección Concepción Arenal. Tamén se realizou un importante esforzo para actualizar a Sección de Información e Referencia.







## Coleccións dixitais

Entre as responsabilidades da Biblioteca de Galicia non só está a de conservar o patrimonio bibliográfico galego, senón tamén a de difundilo e facilitarlle o acceso a toda a cidadanía. Na sociedade tecnolóxica que vivimos hoxe é fundamental ofrecer ese acceso á información a través de Internet. Para dar resposta a esa necesidade a Biblioteca de Galicia xestiona Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, o escaparate que permite a todos os cidadáns consultar os fondos históricos ou de interese público dixitalizados nalgunhas das institucións da memoria máis destacadas de Galicia.

A finais do ano 2019 Galiciana-BDG xa daba acceso a máis de dous millóns de páxinas dixitalizadas. Durante o 2020 seguíronse incorporando novas dixitalizacións, como os 76 títulos de publicacións periódicas procedentes da hemeroteca da Real Academia Galega e que supuxeron máis de 135.000 novas imaxes, todas elas con proceso de OCR que permite a busca a texto completo. Ademais deuse tamén acceso a cinco novas cabeceiras de prensa do fondo propio da BdG e as publicacións periódicas *La Centuria* e *La Billarda*, nas que traballou Vicente Risco e que se conservan na Biblioteca da Deputación de Ourense.

A colección de clásicos galegos en formato ePub de Galiciana tamén se incrementou durante o 2020 coa incorporación de 14 novos títulos neste formato. Ampliáronse as obras dispoñibles de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Sofía Casanova e incorporáronse novos autores como Antón Villar Ponte ou Alejandro Pérez Lugín. En canto aos xéneros escollidos, a poesía e a novela seguiron sendo os maioritarios, engadíndose un ensaio, *Nuestra afirmación regional*, biografía de Manuel Curros Enríquez escrita por Augusto González-Besada e Félix Melendo.

No ano 2020 tivo un protagonismo especial en Galiciana-BDG a conmemoración dos cen anos da saída a rúa da revista *Nós*. Con este motivo puxéronse e marcha dous innovadores proxectos. Por un lado a transformación a formato ePub de todos números da revista. A finais de 2020 xa estaban dispoñibles para a súa descarga os cen primeiros. O mesmo que ocorre coa colección de clásicos galegos, este formato permite a lectura da revista *Nós* en diferentes dispositivos, como smartphones ou tablets, adaptándose así aos hábitos lectores da sociedade actual. No 2021 poderanse descargar neste formato o total dos 144 números que se publicaron entre 1920 e 1935, anos nos que a revista *Nós* estivo na rúa.

O outro gran proxecto de Galiciana para conmemorar os cen anos desta publicación fundamental para a cultura galega foi a elaboración do grafo de coñecemento da revista *Nós*. En colaboración con AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), e tomando como referencia a información e as imaxes proporcionadas por Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, creouse unha nova web ([revistanos.galiciana.gal](http://revistanos.galiciana.gal)) que presenta dunha forma innovadora e moi visual os datos de todas as persoas, lugares, institucións e acontecementos históricos que rodearon á revista durante os seus 15 anos de vida. A visualización deste grafo de coñecemento a través da nova web permite que os usuarios se acheguen dun xeito relacional a todos os intelectuais que colaboraron na revista, desde Castelao, a Cuevillas ou Vicente Risco, así como a todos os artigos e números que se publicaron. Todos estes datos están contextualizados a través dunha liña do tempo que inclúe os feitos históricos máis relevantes acaecidos en Galicia durante o período que vai de 1845 a 1936.

# O Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego

Ademais de conservar un fondo físico que reflecta o patrimonio bibliográfico de todos os galegos, a BdG tamén ten entre as súas funcións a responsabilidade de elaborar, manter e difundir o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (CCPBG). Este proxecto, no que se está a traballar desde o ano 1989, pode consultarse a través dun micrositio específico de Galiciana-BDG desde finais de 2018.

(<http://biblioteca.galiciana.gal/ccpbgl/micrositios/inicio.do>).

Nestes máis de 30 anos de traballo, primeiro baixo a supervisión do CSBG e actualmente da BdG, describíronse máis de 200.000 obras pertencentes ao patrimonio bibliográfico galego custodiadas en 45 bibliotecas. No ano 2020 rematouse a catalogación do fondo histórico da Biblioteca do IES Lucus Augusti de Lugo, que deu como resultado a incorporación de 9.387 novos exemplares nun rango de anos que vai desde 1501 a 1958.



## O Arquivado Web

A Biblioteca de Galicia non só se interesa por facer chegar o pasado ao presente, senón de conservar este noso presente para o mañá, inmediato ou de xeracións futuras. Por este motivo, desde 2015 un dos obxectivos da BdG é intentar gardar toda a información de interese cultural, político e social que se conserva en Internet. Esta inxente e importante tarefa lévase a cabo en colaboración coa Biblioteca Nacional de España, que creou o Arquivo da Web Española (<http://www.dl-e.es/openwayback/wayback>), e que consiste na recolección e conservación da información ofrecida na Internet.

Para tentar gardar a maior cantidade posible de información web, na Biblioteca Nacional de España optouse por un modelo mixto que combina recoleccións masivas e selectivas. As recoleccións masivas recollen o maior número de dominios posible cunha profundidade pequena nos niveis de navegación e están vinculadas a un dominio nacional, como o .es. O obxectivo é recoller unha mostra representativa do panorama

da web no momento en que se fai a recolección.


A Comunidade Autónoma de Galicia conta cun dominio propio na Internet para a lingua e a cultura galegas, o .gal. Desde o ano 2017 a Biblioteca Nacional de España realiza, por encargo da Biblioteca de Galicia, as recoleccións anuais do dominio .gal, que pasa a formar parte da colección web de Galicia e do seu depósito legal electrónico, cuxa xestión é responsabilidade da Biblioteca de Galicia. A recolección do ano 2020 supuxo o arquivado web de 5.540 dominios .gal cun total de 241 GB de información.

## Mostras bibliográficas

A función da BdG de preservar o patrimonio bibliográfico de todos os galegos complementábase coa súa labor de difusión, tanto dos seus fondos como dos seus servizo, co obxectivo de que todos os cidadáns poidan coñecer e acceder ás importantes obras que custodia.

Con esta finalidade a BdG organiza anualmente mostras bibliográficas nas que trata, non só de darlles visibilidade a figuras senlleiras da cultura galega, senón tamén que a cidadanía coñeza que o patrimonio bibliográfico pode levarnos a descubrir, entre outras moitas historias, como evolucionaron os balnearios na nosa comunidade ou a percepción social da violencia de xénero ao longo dos anos.

Pese ás restricións provocadas pola crise sanitaria da COVID-19, no ano o 2020 a Biblioteca de Galicia puxo en marcha un total de cinco mostras bibliográficas.



### Cándido Fernández Mazas: signos dunha quimera

**Datas:** do 30 xaneiro de 2020 a xuño de 2020

Desde 2017, en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), a BdG homenaxea cada ano a un ilustrador galego que merece ser redescuberto polas novas xeracións de lectores e creadores. No 2020 a figura homenaxeada foi Cándido Fernández Mazas (Ourense, 1902 – Castro Caldelas, 1942), debuxante, pintor, escritor, humorista gráfico, crítico de arte e literatura. Por distintas circunstancias históricas e persoais a súa vida e obra permaneceu na penumbra da historia, pero esta conmemoración permitiu poñer en valor un artista multipilar cunha gran sensibilidade e compromiso social.



## Día das Letras Galegas na Biblioteca de Galicia: Ricardo Carvalho Calero

**Datas:** de xullo a setembro de 2020

Aínda que con atraso debido ao período de confinamento pola COVID-19 que se viviu en 2020, a BdG non deixou de conmemorar o Día das Letras Galegas 2020 dedicado a Ricardo Carvalho Calero. A exposición, na que se puido ver unha parte das obras deste autor que conserva a biblioteca, tratou de mostrar todos os aspectos da longa traxectoria profesional de Carvalho Calero: as súas facetas como narrador, poeta e dramaturgo; e o seu labor como un dos máis importantes estudiosos da historia da lingua e da literatura galegas.



## Pobre Asunción!: a violencia de xénero na prensa

**Datas:** de outubro de 2020 a maio de 2021

Un dos obxectivos da exposición *Pobre Asunción!: a violencia de xénero na prensa* foi poñer en valor o importante patrimonio hemerográfico que custodia a Biblioteca de Galicia. Os números de publicacións seriadas que se mostraron son só unha parte mínima do que se conserva. Os xornais e revistas que se expuxeron foron os vehículos para dar voz ao outro obxectivo que tivo a exposición, dar a coñecer unha pequena parte da historia da “violencia de xénero” a partir do que contaron as páxinas dos xornais galegos.

O concepto “violencia de xénero” dá nome a un problema, que ata hai pouco, formaba parte da vida privada das persoas; era considerado un asunto de familia que non debía transcender de portas para fóra e, polo tanto, no que non se debía intervir. Durante moito tempo ese status como asunto privado só era alterado cando a prensa se facía eco dalgún crime sanguento consecuencia deste tipo de violencia, que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo. Nas últimas décadas a prensa tamén xoga un importante papel para lograr unha maior concienciación social contra calquera forma na que se manifeste o maltrato contra as mulleres. Todo isto quíxose mostrar nesta exposición, que tomou a noticia da morte de Asunción González, que tivo lugar na Praza Maior de Ourense en 1891, como eixo central.

O material xornalístico complementouse con documentos literarios e arquivísticos, co obxecto de ofrecer unha visión de conxunto dun fenómeno dramático do que hai constancia desde hai centos de anos.





## Concepción Arenal: Bicentenario 1820-2020

**Datas:** de outubro de 2020 a xaneiro de 2021

No 2020 cúmprianse os 200 anos do nacemento de Concepción Arenal e a BdG non podía deixar de programar unha exposición sobre o seu legado. A ferrolá foi unha muller altamente considerada e estudada en medios académicos internacionais, pero é unha gran descoñecida para moitos dos galegos.

Ensaísta, diplomada en dereito, periodista, defensora dos dereitos da muller e dos sectores máis desvalidos da sociedade, reformista, poeta, dramaturga, traballadora social, valedora do papel humanitario das persoas e das institucións, a inmensa produción intelectual de Concepción Arenal parece só recordada polos máis cultos.

Para esta mostra a BdG seleccionou algo máis de 65 obras dos seus fondos. A exposición artellouse en base a 6 eixos temáticos. O primeiro dedicado ás biografías publicadas sobre Concepción Arenal. No segundo mostráronse algunhas das súas primeiras composicións: poemas, obras de teatro, artigos de prensa, fábulas en verso e tamén reproducións dalgunhas das súas cartas. Nos apartados tres e catro puidéronse ver algunhas das súas obras máis importantes en relación con dous dos grandes temas da súa produción intelectual, a cuestión social e o dereito. As ideas de Concepción Arenal en torno á beneficencia e o dereito penitenciario foron moi adiantadas para o seu tempo, o mesmo que o seu pensamento sobre a muller e a educación, tema ao que estivo adicado outra das partes da mostra. Por último a Biblioteca de Galicia quixo resaltar a vixencia das ideas de Concepción Arenal a través dos libros infantís publicados recentemente para non esquecer a voz poderosa desta muller excepcional.

## Lugín en Compostela. 150º aniversario do seu nacemento

**Datas:** de decembro de 2020 a maio de 2021

A Biblioteca de Galicia rematou a súa programación de mostras bibliográficas no 2020 coa exposición *Lugín en Compostela. 150º aniversario do seu nacemento*. Despois de achegarse á prolífica figura de Concepción Arenal, tocoulle a quenda a Alejandro Pérez Lugín (Madrid 1870 – Culleredo 1926), ao que curiosamente se lle recorda como autor dun par de novelas de éxito, incluídas nunha produción literaria máis ben escasa, xa que se limitou a 5 novelas. Aínda que madrileño de nacemento, Lugín e a súa obra máis destacada, *La Casa de la Troya*, están indiscutiblemente unidas a Galicia, sobre todo á cidade de Compostela.

Ademais de conmemorar o 150 aniversario do nacemento deste autor tan adiantado no seu tempo polo uso do cine como elemento de promoción das súas obras, esta mostra quixo poñer en valor a *La casa de la Troya* como retrato da vida universitaria no Santiago de Compostela de finais do século XIX.





## Actividades de dinamización

No 2020 a Biblioteca de Galicia tamén contou cunha serie de actividades de dinamización cultural destinadas ao público xeral co obxectivo de difundir as efemérides do Calendario do libro e a lectura.

Este calendario, cuxa publicación se impulsa desde a Secretaría Xeral de Cultura, marca os días máis importantes do ano vinculados ao libro e a lectura. Ao abeiro destas datas, celebráronse 13 obradoiros de temática variada, 2 obras de teatro, unha delas facéndoa coincidir coa celebración do Día Mundial do Teatro, así como 2 espectáculos musicais para a conmemoración do Nadal na Biblioteca de Galicia. Foron un total de 17 actividades dirixidas a todo tipo de público, aínda que se tentou prestar especial atención ao público infantil e xuvenil.

Pese ás restricións de aforo establecidas pola COVID-19, o programa de actividades tivo unha moi boa acollida, sobre todo entre o público máis novo, uns usuarios aos que a BdG tamén ten que dirixir os seus esforzos para educar na importancia de conservar o patrimonio bibliográfico galego cara ao futuro.



# 05

## Arquivo de Galicia

Neste período o Arquivo de Galicia afianzou o seu papel como elemento insubstituíble no desenvolvemento da xestión documental da Administración de Galicia e como centro visible e representativo do conxunto do patrimoni documental do país, obxectivos ambos cos que naceu.

A xestión documental xoga un papel fundamental no desenvolvemento da Administración electrónica. No deseño e posta en marcha da propia da Xunta de Galicia, o AG desempeñou un papel protagonista en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e así se recoñece na Lei de administración dixital de Galicia e na Lei de arquivos e documentos de Galicia.

Ese mesmo impulso que fixo posible comezar a desenvolver a Administración electrónica permitiu crear o Arquivo dixital, que reúne e difunde, baixo o liderado do AG, o patrimonio documental dixitalizado custodiado en diferentes arquivos de Galicia e os novos documentos xerados pola actividade electrónica da Administración.







BOLLO: 3/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 2/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 1/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 5/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 4/5  
FORMATO: 1.2 35 Dolby SRD

BOLLO: 3/5  
FORMATO: 1.2 35 Dolby SRD

BOLLO: 2/5  
FORMATO: 1.2 35 Dolby SRD

BOLLO: 1/5  
FORMATO: 1.2 35 Dolby SRD

BOLLO: 5/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 4/5  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 2/7  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 6/7  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 5/7  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 4/7  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD

BOLLO: 3/7  
FORMATO: 1.1 85 Dolby SRD





## Exposición Memoria dunha década

O 9 de xuño, o Arquivo difundiu a través do seu portal un percorrido explicativo dixital do seu proceso de creación, dos espazos e persoal de que dispón e da actividade desenvolvida durante esta década, tanto no ámbito da xestión documental como no da conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia. Pode accederse en liña a través do seguinte enderezo: [http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual\\_0178.html](http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual_0178.html)

Unha vez retomada a actividade presencial no complexo da Cidade da Cultura, organizou unha exposición que permaneceu aberta no Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia desde o 10 de xullo ata o 16 de outubro.

A través de dez vitrinas, a mostra desenvolveu un dobre fío argumental. Por un lado abordou a información relacionada cos espazos, o persoal e as actividades do centro, dedicando especial atención a representar o volume de fondos que custodia, o papel do arquivo no desenvolvemento da Administración electrónica e nos órganos directamente implicados na mellora da xestión documental, así como os servizos que presta, tanto á propia administración como a cidadanía en xeral. Por outro, amosou unha selección de documentos, tanto públicos como privados, procedentes dos distintos fondos que ao longo destes anos foi incorporando coa intención de evocar algúns momentos da nosa historia e de reflexionar sobre a importancia dos arquivos na construción da memoria colectiva.

Poderá visitarse de forma virtual a través do portal do Arquivo.





# Exposición Mulleres sobranceiras. A educación da muller. *Homenaxe a Concepción Arenal*

*Mulleres sobranceiras* é unha serie de mostras documentais que o Arquivo de Galicia organiza para celebrar o Día Internacional da Muller, o día 8 de marzo de cada ano.

No 2020 celebrouse o douscentos aniversario do nacemento de Concepción Arenal. Por este motivo o arquivo quixo renderlle a súa particular homenaxe elixindo como motivo da exposición deste ano o tema da educación da muller, sobre o que a ilustre xurista amosou sempre unha grande sensibilidade e inquietude.

Tomando como referencia algunhas ideas expresadas por Concepción Arenal nas súas publicacións (“A muller do porvir”, “A muller da súa casa” e sobre todo no informe “A educación da muller”, presentado ao Congreso Pedagóxico Hispano Portugués Americano, organizado con motivo da celebración do IV Centenario do Descubrimento de América) seleccionouse unha escolma de documentos custodiados no arquivo sobre un tema que continúa sendo dea especial transcendencia hoxe en día: a educación da muller.

## Novos ingresos

A forma habitual de ingreso dos documentos no arquivo é a través de procesos normalizados de transferencia desde as propias unidades que os produciron.

Durante este ano foron transferidos un total de 8.053 caixas e 2.933 planos que suman un total de 926,095 m.l. ao volume total ata agora custodiado.

Este case quilómetro de documentos recibido procede das áreas funcionais de Infraestruturas, Medio rural, Medio ambiente, Economía e Cultura.

Destacamos polo seu volume e especial interese os procedentes da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Son documentos dun amplo período cronolóxico comprendido entre o ano 1980 e o ano 2019 xestionados polos servizos de Arqueoloxía, Inventarío e Arquitectura. Entre eles o inventarío do patrimonio etnográfico de Galicia, o inventarío do patrimonio arqueolóxico, expedientes de autorización de actividades arqueolóxicas, expedientes de declaración de impacto ou efectos medioambientais, expedientes de declaración de bens de interese

cultural, expedientes de axudas para rehabilitacións de patrimonio, expedientes de autorizacións para a concesión de licencias de obra por parte dos concellos, expedientes de axudas para a investigación e inventarío do patrimonio arqueolóxico e etnográfico, expedientes de elaboración de informes para aprobación dos plans directores de restauración de edificios de excepcional valor arquitectónico ou histórico, expedientes de autorizacións para a intervención nos bens integrantes do patrimonio cultural ou no patrimonio artístico ou planos relacionados coa xestión do patrimonio cultural. É tamén de subliñar o ingreso de 29 u.i. (3,33 m.l.) con documentos da empresa Papelera española S.A. que estaban depositados nas dependencias da Xunta de Galicia no Parque natural do Invernadoiro. Os montes do Invernadoiro, protexidos desde o ano 1989 e declarados parque natural en 1997 constitúen un espazo de 5.722 hectáreas de titularidade pública (case 60 quilómetros cadrados) situado no concello de Vilariño de Conso.







Parece que a propiedade estivo vinculada á familia Cadórniga desde a Idade Media ata a súa venda en 1910. Tras o paso por diferentes propietarios, en 1949 foi adquirida pola empresa Papelera Española SA.

Esta empresa, fundada en 1901 por Nicolás María de Urgoiti e Rafael Picabea, chegou a exercer case un monopolio no mercado do papel coa protección do Estado e a partir de 1913 comeza tamén unha intensa actividade nos negocios de prensa e de edición (participou na constitución da compañía Prensa Gráfica e da Editorial Calpe, máis tarde fundida coa editorial Espasa).

No transcurso das tres décadas nas que a empresa Papelera española foi propietaria deste espazo, en orixe deforestado e cunha economía gandeira, desenvolveu unha actividade de produción forestal mediante a plantación de exemplares da especie *Pinus sylvestris*. Para facilitar as tarefas de forestación empregouse unha importante cantidade de man de obra das poboacións próximas, dedicada en gran parte a carbonear a queiroa. En 1979, como consecuencia dun grande incendio que afectou tamén a Manzaneda

e Campobecerros, a empresa tomou a decisión de desprenderse das terras, que en 1980 pasaron a mans dunha inmobiliaria que as vendeu en 1984 ao goberno galego, o seu actual propietario.

Aínda que o volume do fondo documental conservado é pequeno, abrangue case a totalidade do período cronolóxico no que estivo activa esta explotación. A través dos documentos conservados podemos obter información sobre plans de traballo, construción de infraestruturas, provedores, retribucións do persoal... o que, sen dúbida ofrece interese, especialmente para estudos relacionados coa xestión dos recursos forestais e a súa incidencia na economía da comarca.





## A avaliación documental

Unha das funcións que o Decreto 207/2010 do 10 de decembro – polo que se crea o Arquivo de Galicia – lle encomenda, é a de programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. Isto faíno a través da coordinación dun grupo de traballo específico no que participan representantes de distintos arquivos do sistema e da súa representación no Consello de Avaliación Documental de Galicia, o órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame das cuestións

relacionadas co réxime de acceso aos documentos e coa necesidade de conservalos ou a posibilidade de eliminalos, atendendo ao seu valor administrativo, xurídico ou informativo.

Durante o 2020 o Arquivo de Galicia realizou oito estudos de identificación e valoración de series documentais.

CÓDIGO	SERIE DOCUMENTAL
AA103	Contas de pagos a xustificar
AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada
AA768	Partes de incendios
AA218	Expedientes de control da legalidade dos actos e acordos das entidades locais
AA224	Formularios de contabilidade e estatísticas territoriais
AA225	Expedientes de orzamentos de entidades locais recibidos
AA228	Expedientes de liquidación dos orzamentos de entidades locais recibidos
AA391	Expedientes de autorizacións de actividades arqueolóxicas





O Arquivo participou ademais nas dúas sesións que o Consello de Avaliación Documental de Galicia celebrou no ano 2020 e nas que emitiu informe sobre a proposta de avaliación de 14 series documentais e sobre 23 propostas de eliminación de documentos custodiados no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, no Concello de Ferrol e nos arquivos das universidades de Santiago de Compostela e de Vigo.

En aplicación das resolucións aprobadas e publicadas no Diario Oficial de Galicia foron eliminadas durante este ano no Arquivo de Galicia 4.366 caixas normalizadas de arquivo (502 m.l.) correspondentes as seguintes series documentais:

CÓDIGO	SERIE DOCUMENTAL	Nº U.I	PERÍODO	DATA DE PUBLICACIÓN DA DATA NO BOG
AA268	Expedientes de concurso de traslados do persoal docente de ensinanzas medias	75	2009-2013	15/11/2019
AA1307	Expedientes de axudas para actividades de formación de alumnado en linguas estranxeiras	255	2009-2013	15/11/2019
AA1305	Expedientes de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas	357	1983-2008	19/02/2020
AA4947	Expedientes de procesos selectivos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde	1.368	1998.2006	19/02/2020
AA559	Expedientes de prestación por fillo menor a cargo	886	2009-2012	10/07/2020
AA260	Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social	587	1990-1995	10/07/2020
AA5059	Expedientes de elaboración de informes de la dirección competente en materia de planificación económica e fondos comunitarios para a aprobación das bases reguladoras de subvencións	296	2007-2014	10/07/2020
AA4988	Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria	414	2010-2013	10/07/2020
AA5049	Expedientes de concurso de traslados de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde	128	2007	10/07/2020



## Novos rexistros descritivos

Outra das funcións que o Decreto 207/2010 lle asigna o Arquivo é organizar e describir os fondos documentais que custodie. Estas descrições son as que fan posible recuperar a información contida nos documentos para poñelos a disposición dos diferentes tipos de usuarios.

Durante o ano 2020 foron incorporados 64.601 novos rexistros descritivos nos diferentes sistemas de información.



- 47.238 deles corresponden aos novos documentos ingresados como resultado dos diferentes procesos de transferencias.

- 3.397 rexistros foron descritos nun proceso de organización e descrición máis pormenorizada dos documentos producidos ao longo do tempo polas diferentes comisións de patrimonio existentes entre os anos 1942 e 1997. Dun total de 1.302 caixas foron revisadas, polo momento, 183.

- 12.409 rexistros correspondentes ás fichas do Inventario do Patrimonio etnográfico inmobiliario nas súas categorías popular, relixioso e civil da provincia da Coruña, incorporados a Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.

- 1.557 rexistros da serie de Expedientes de autorización para a concesión de licenzas de obra por parte dos concellos producidos polas comisións de patrimonio introducidos en Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.

## Os programas de dixitalización


Coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia é outra das funcións que corresponden ao Arquivo.

No seu desenvolvemento, o Arquivo prestou asesoramento e importou á plataforma *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* os rexistros descritivos e as imaxes dos proxectos realizados por dez institucións beneficiarias da primeira convocatoria das subvencións de Memoria Dixital de Galicia (Arquivo da Fundación Rosalía de Castro, Arquivo da Fundación Uxío Novoneyra, Arquivo da Fundación Vicente Risco, Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo e os arquivos municipais de Avión, Muros, Pol, Ribeira, Ribadeo e Vimianzo).

Ademais, levouse a cabo a dixitalización de 39.818 imaxes correspondentes a 3.767 documentos que forman parte do Inventario do patrimonio etnográfico inmobiliario custodiado no propio centro e que serán en breve incorporadas a dita plataforma para a súa difusión e preservación.

Realizouse tamén a revisión das historias clínicas do Hospital Psiquiátrico de Conxo para a súa integración nun próximo proxecto de dixitalización que pretende difundir e preservar documentos conservados nos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia relacionados coa Memoria democrática (1.426 expedientes revisados).





## Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia

Como xa se mencionou, *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, creado e desenvolvido pola Administración de Galicia no marco do Proxecto ARPAD e coordinado polo Arquivo de Galicia integra recursos dixitais procedentes de diversos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia (Arquivo de Galicia, Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra); e doutros arquivos do Sistema como os arquivos municipais da Coruña, Ferrol ou Tui, o Arquivo da Real Academia Galega ou o Arquivo da Fundación Penzol de Vigo, entre outros.

Na actualidade a plataforma conta con máis de

- **1.150.596 rexistros descritivos**
- **148.215 rexistros de autoridade**
- **95.990 documentos dixitalizados**
- **3.058.987 imaxes**

De todos eles corresponden ao Arquivo de Galicia:

- **57.076 rexistros descritivos**
- **4.543 documentos dixitalizados**
- **162.826 imaxes**

Polo que se refire ás cifras de usuarios, pódese dicir que durante o ano 2020 foron realizadas **2.572.748 visitas a páxinas por 38.014 persoas**.



## Servizo ás persoas usuarias

Ademais de poñer a disposición da cidadanía información accesible a través da rede, o Arquivo presta tamén outros servizos de forma directa. Durante o ano 2020 contabilizamos:

- **273 préstamos de documentos ás oficinas produtoras dos documentos**
- **945 consultas atendidas**
- **2.354 copias realizadas**



## Redes sociais



Por último, o Arquivo de Galicia conta tamén cun espazo propio nas redes sociais. Ao longo de 2020, na páxina de Facebook do Arquivo de Galicia publicáronse **246 entradas**, contando na actualidade con **7.204 seguidores**.

Perfil de Twitter do Arquivo Dixital de Galicia. Publicáronse **240 Tweets** e alcanzáronse **1870 novos seguidores**.

## Programa de visitas

Durante este ano o Arquivo recibiu as visitas dos alumnos do Master de Xestión do Patrimonio da Universidade de Santiago de Compostela e dos alumnos dos cursos de Formación e administración de empresas organizados pola empresa Quelqum Servicios.



## Formación

No mes de xullo incorporouse ao Arquivo unha das persoas beneficiarias das bolsas de formación en materia de arquivos correspondente ao programa 2020 convocado pola Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo.

Así mesmo o centro tutelou as prácticas do Master Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas, impartido pola Universidade da Coruña no campus de Ferrol entre os días 1 e 25 de setembro.





# 06


## Eventos

Ao longo de nove anos, desde a inauguración da Cidade da Cultura de Galicia en 2011 ata o 2020, o Gaiás acolleu ao redor de 3.000 eventos con máis de 250.000 persoas asistentes. Vemos estes números sempre á alza desde os 147 eventos no ano inicial, ata os 418 no recente 2019, triplicando os ingresos desde os primeiros resultados de 2011.

A pandemia interrompeu a tendencia de crecemento estable, sostible e exponencial que se viña seguindo nos últimos anos, mais tamén abriu novos horizontes e posibilidades que nos levan a un futuro marcado polas posibilidades das tecnoloxías e polos eventos híbridos. O ano 2020 supuxo unha forte aposta por novas fórmulas para seguir ofrecendo servizos en condicións de total seguridade e garantías, apoiándose na tecnoloxía e nos novos formatos telemáticos. Neste ano realizáronse 286 eventos no Gaiás, cun total de 10.361 asistentes presenciais e arredor de 21.000 espectadores en liña.

En 2020 o carácter social e de encontro entre persoas dos eventos trasládase ao espazo virtual, dando prioridade ás reunións en liña, reconvertendo en moitos casos as xornadas presenciais en reunións telemáticas, ou combinando ambos formatos dada a redución de prazas nos auditorios imposta pola distancia social. Coa vista posta na seguridade e na flexibilidade, realizáronse labores para a adaptación da capacidade das salas, a implementación de medidas hixiénicas e a dotación de novos equipamentos para as conexións telemáticas, xa que o streaming pasa a formar parte do vocabulario diario para atender a unha nova parte do público en liña.

Os múltiples espazos axústanse a estas novas necesidades dando opción de realizar eventos presenciais, virtuais/en liña ou híbridos. Como exemplo disto, o Salón de Convencións do edificio CINC convértese nunha primeira experiencia simulando un plató de TV para dar cabida a este tipo de eventos. Os encontros en liña con conexións en streaming, vídeo conferencias, eventos híbridos... son fórmulas que viñeron para quedar, aínda que sen esquecer as vantaxes de proximidade, comodidade e confianza que ofrece o Gaiás no caso dos eventos presenciais.



# I CONGRESO INTERNACIONAL TEATRO GALEGO

CO 2030 NO HORIZONTE

CONGRESO INTERNACIONAL  
TEATRO GALEGO

CONFERENCIA DE ABERTURA

ORDEN	AS IDAS	AS IDAS	AS IDAS
1	18:00	18:00	18:00
2	18:00	18:00	18:00
3	18:00	18:00	18:00
4	18:00	18:00	18:00
5	18:00	18:00	18:00
6	18:00	18:00	18:00
7	18:00	18:00	18:00
8	18:00	18:00	18:00
9	18:00	18:00	18:00
10	18:00	18:00	18:00
11	18:00	18:00	18:00
12	18:00	18:00	18:00
13	18:00	18:00	18:00
14	18:00	18:00	18:00
15	18:00	18:00	18:00
16	18:00	18:00	18:00
17	18:00	18:00	18:00
18	18:00	18:00	18:00
19	18:00	18:00	18:00
20	18:00	18:00	18:00
21	18:00	18:00	18:00
22	18:00	18:00	18:00
23	18:00	18:00	18:00
24	18:00	18:00	18:00
25	18:00	18:00	18:00
26	18:00	18:00	18:00
27	18:00	18:00	18:00
28	18:00	18:00	18:00
29	18:00	18:00	18:00
30	18:00	18:00	18:00
31	18:00	18:00	18:00
32	18:00	18:00	18:00
33	18:00	18:00	18:00
34	18:00	18:00	18:00
35	18:00	18:00	18:00
36	18:00	18:00	18:00
37	18:00	18:00	18:00
38	18:00	18:00	18:00
39	18:00	18:00	18:00
40	18:00	18:00	18:00
41	18:00	18:00	18:00
42	18:00	18:00	18:00
43	18:00	18:00	18:00
44	18:00	18:00	18:00
45	18:00	18:00	18:00
46	18:00	18:00	18:00
47	18:00	18:00	18:00
48	18:00	18:00	18:00
49	18:00	18:00	18:00
50	18:00	18:00	18:00
51	18:00	18:00	18:00
52	18:00	18:00	18:00
53	18:00	18:00	18:00
54	18:00	18:00	18:00
55	18:00	18:00	18:00
56	18:00	18:00	18:00
57	18:00	18:00	18:00
58	18:00	18:00	18:00
59	18:00	18:00	18:00
60	18:00	18:00	18:00
61	18:00	18:00	18:00
62	18:00	18:00	18:00
63	18:00	18:00	18:00
64	18:00	18:00	18:00
65	18:00	18:00	18:00
66	18:00	18:00	18:00
67	18:00	18:00	18:00
68	18:00	18:00	18:00
69	18:00	18:00	18:00
70	18:00	18:00	18:00
71	18:00	18:00	18:00
72	18:00	18:00	18:00
73	18:00	18:00	18:00
74	18:00	18:00	18:00
75	18:00	18:00	18:00
76	18:00	18:00	18:00
77	18:00	18:00	18:00
78	18:00	18:00	18:00
79	18:00	18:00	18:00
80	18:00	18:00	18:00
81	18:00	18:00	18:00
82	18:00	18:00	18:00
83	18:00	18:00	18:00
84	18:00	18:00	18:00
85	18:00	18:00	18:00
86	18:00	18:00	18:00
87	18:00	18:00	18:00
88	18:00	18:00	18:00
89	18:00	18:00	18:00
90	18:00	18:00	18:00
91	18:00	18:00	18:00
92	18:00	18:00	18:00
93	18:00	18:00	18:00
94	18:00	18:00	18:00
95	18:00	18:00	18:00
96	18:00	18:00	18:00
97	18:00	18:00	18:00
98	18:00	18:00	18:00
99	18:00	18:00	18:00
100	18:00	18:00	18:00



www.congresodoteatro.gal

Cultura





## I Congreso Internacional do Teatro Galego

O Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego naceu paralelamente –e como un dos seus obxectivos fundamentais– coa Academia Galega de Teatro, quen na súa presentación pública no Consello da Cultura Galega en 2018, expón e argúe as liñas básicas da súa necesidade e dos seus obxectivos fundamentais, entre os que se atopa o I Congreso Internacional do Teatro Galego.

Xorde esta iniciativa necesaria, tras corenta anos de exercicio profesional, con vocación de pluralidade aberta a todas aquelas experiencias e manifestacións teatrais que lle dan forma ao teatro en Galicia; e polo tanto todos os esforzos se concentraron en procurar os apoios necesarios dun amplo abano de sectores con implicación directa.

O Congreso, que se ía a celebrar en marzo e tivo que ser adiado a outubro por causa da pandemia da covid-19, ten un dobre obxectivo: por unha banda, analizar o pasado e o presente do teatro galego e, por outra, deseñar, a través do debate, os principios teóricos que deben guiar a creación dun plan estratéxico e dunha lexislación que ampare a creación e distribución escénica para a próxima década.

Coa Academia Galega de Teatro, organizadora do Congreso, traballouse para desenvolver todas as actividades no contexto actual da crise sanitaria, compatibilizando a asistencia presencial e virtual dos participantes.

**Entidade organizadora:**

Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

**Datas:** 6 de outubro de 2020

**Espazo:** Sala Eisenman



## Acto institucional do Día Internacional da Muller

Evento celebrado desde o 2011 nas instalacións do Gaiás no que o responsable do Goberno galego asiste ao acto institucional conmemorativo do Día Internacional da Muller, onde se destaca a idea de traballar a prol da igualdade plena para construír unha Galicia máis libre e máis xusta.

As mulleres líderes de distintas xeracións que participaron nesta xornada foron: Ana Peleteiro, Benedicta Sánchez, Abi Castillo, Silvia Jato e Isabel Pérez Dobarro. Ao longo do acto, fíxose fincapé no alumnado que participou na elaboración dos carteis do 8M, recordando que a educación é fundamental para lograr unha sociedade igualitaria plena.

**Entidade organizadora:** Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral de Igualdade

**Datas:** 7 de marzo de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1





## Consello Escolar de Galicia. Axudas ás Asociacións de Nais e Pais (ANPAs)

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, reuniuse vía streaming co Consello Escolar de Galicia e coas Asociacións de Nais e Pais (ANPAs) que xestionan comedores escolares no conxunto de Galicia, co fin de tratar as medidas de adaptación á situación motivada pola covid-19.

**Entidade organizadora:**

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**Datas:** 9 de setembro de 2020

**Espazo:** Salón de Convencións CINC

## Caixabank. Premios Emprendedor XXI

Igape participa no acto organizado no marco do DayOne Innovation Summit, impulsado por CaixaBank e Enisa coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Á edición dos premios deste ano concorreron 42 empresas galegas, sendo a iniciativa gañadora Alen Space, dedicada ao deseño e fabricación de satélites espaciais. Os asistentes puideron coñecer os casos de éxito xurdidos do programa Business Factory Aereo e participar nos espazos de networking e relatorios.

**Entidade organizadora:** IGAPE

**Datas:** 14 de febreiro de 2020

**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia. Auditorio Xosé Neira Vilas







## IV Congreso de Circored

A Cidade da Cultura acolleu o IV Congreso de CircoRed (Federación de Asociación de Profesionales de Circo de España), un espazo de reflexión e debate sobre a situación actual do Circo, que se celebrou en formato en liña case integramente.

Este primeiro congreso CircoRed da 'era covid', procurou concentrar esforzos de xeito colectivo para materializar propostas que lle permitan ao sector seguir medrando e avanzando. Coa pandemia como marco, o circo quere erguerse como un espazo para imaxinar e esta nova edición do Congreso de CircoRed foi unha oportunidade de encontro e facer posible que o compartir fortaleza o sector fronte a un futuro tan incerto coma cheo de novas posibilidades.

**Entidade organizadora:** CircoRed

**Datas:** Do 23 ao 26 de novembro de 2020

**Espazo:** Edificio CINC (Salón de Convencións), Museo Centro Gaiás

## Catas de Queixos e de Meles de Galicia 2020

Os queixos e o mel son dúas das producións máis senlleiras do agro galego. As características específicas do noso territorio e o saber secular dos nosos produtores fan que estes produtos teñan personalidade propia e que acaden o recoñecemento dos consumidores. Para premiar a excelencia, a Consellería do Medio Rural concede anualmente as distincións que identifican aos mellores queixos e meles de Galicia.

Este certame está organizado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, coa colaboración dos consellos reguladores das catro denominacións de orixe protexidas de queixos existentes en Galicia (DOP San Simón da Costa, DOP Queixo Tetilla, DOP Arzúa-Ulloa e DOP Cebreiro), e o consello regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

**Entidade organizadora:** Consellería do Medio Rural

**Datas:** Do 10 ao 14 de decembro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1





## XI Premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural

Entrega dos galardóns correspondentes á décimo primeira edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, dirixidos a promover as condicións para que os axentes socioeconómicos locais das zonas rurais formulen iniciativas de desenvolvemento. Neste marco, resulta de interese pór en marcha as actuacións que animen a participación privada no proceso de desenvolvemento rural e que contribúan a conservar e dinamizar o contorno rural facendo del un medio máis atractivo.

Os galardóns recoñecen aquelas actuacións que contribúan de xeito singular a promocionar o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada. Teñen as seguintes categorías: mocidade, proxectos culturais e de recuperación patrimonial no medio rural, proxectos de interese social, turismo, sector agrogandeiro, mulleres, innovación tecnolóxica, e premio á loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias.

### Entidade organizadora:

AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

**Datas:** 11 de decembro de 2020

**Espazo:** Sala Eisenman

## Congreso Nacional OPC España. Cena Inaugural

A Federación Española de Asociaciones de Empresas de Organización Profesional de Congresos, OPC España, reuniu ás principais empresas e provedores do sector MICE en Galicia durante o seu 32 Congreso Nacional, que contou cun programa de relatorios, mesas redondas e oportunidades de networking centrado en temas como a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade. A cea inaugural trasladouse ao Gaiás, sede clave para a organización de eventos e obxectivo de asistentes ao congreso.



**Entidade organizadora:** OPC Galicia

**Datas:** 20 de febreiro de 2020

**Espazo:** Edificio CINC, Salón de Convencións





## Presentación conmemorativa do programa das Letras Galegas 2020

Igape participa no acto organizado no marco do DayOne Innovation Summit, impulsado por CaixaBank e Enisa coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Á edición dos premios deste ano concorreron 42 empresas galegas, sendo a iniciativa gañadora Alen Space, dedicada ao deseño e fabricación de satélites espaciais. Os asistentes puideron coñecer os casos de éxito xurdidos do programa Business Factory Aereo e participar nos espazos de networking e relatorios.

**Entidade organizadora:** IGAPE  
**Datos:** 14 de febreiro de 2020  
**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia.  
 Auditorio Xosé Neira Vilas



## Acto de recepción de vehículos ADOS

Acto de recepción de vehículos para a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS).

**Entidade organizadora:** Consellería de Sanidade  
**Datos:** 31 de xaneiro de 2020  
**Espazo:** Aparcadoiro 1





## Sinatura Convenio Universidade Senior

A conselleira de Política Social, Fabiola García, destacou a achega que realiza a Xunta de Galicia de máis de 100.000 euros ás universidades galegas para desenvolver programas de formación destinados a persoas maiores. Fixoo nunha rolda de prensa realizada cos reitores da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa; da USC, Antonio López; e da Universidade da Coruña, Julio Abalde.

**Entidade organizadora:** Consellería Política Social

**Datas:** 15 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Sala Seminario

## Xornada Quamtum Computing

Xornada explicativa sobre o futuro da computación cuántica, organizada polo Cluster TIC de Galicia.

**Entidade organizadora:** Cluster TIC Galicia

**Datas:** 15 de xaneiro de 2020

**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia, Sala 1



## XIV Premio á Familia Empresaria de Galicia

